

O Balneario de Mondariz aposta pola biomasa

Nova sinalización da Ruta da Lamprea

Lazoiro solicita desfibriladores en lugares públicos

A Copa da Raíña de Balonmán xogarase de novo no Porriño

**Sabela
Landín do
BNG ao
grupo mixto**

O edificio da Cámara Agraria de Salceda xa é municipal

**A primeira hora é
grátis no parking do
Aral**

Tomiño controlará a flora exótica invasora do Miño

Telf: 986 64 08 34



- Rocas de Chocolate
- Variadito de Pasteles
- Tarta de Frambuesa
- Sublime de Cacao
- Tarta de té

Todas ellas personalizables con tu foto o dibujos infantiles. A partir de 2 Kg

CONFITERIA

CONFITERIA
Regino
FELSCHER & SONS, INC.

PLATE 10. *Strophomena* (14000) (B&P, 1963, 10)

TLF: 086640834

Ponteareas (Pontevedra)

OPINIÓ

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

Diversos pero iguais

A Lei electoral xeral (1986) dispón que poidan votar as persoas declaradas incapaces por sentenza definitiva, agás que na propia sentenza se determine expresamente a privación deste dereito electoral. O Código Civil (1983) di que deben ser declaradas xudicialmente incapaces as persoas que padezan unha doenza psíquica ou física que lles permita valerse por si propios. Mais o grao de afectación da capacidade determinada na sentenza e as funcións das persoas que substitúan ou complementen

a capacidade das persoas afectadas é absolutamente flexíbel e depende de cada caso.

Quere isto dicir que as bases legais son abundas. O que cómpre é mellorar substancialmente determinadas decisións xudiciais, no senso de restrinxir só o dereito de sufraxio en casos moi extremos, a respecto de persoas privadas de toda capacidade de aprendizaxe e socialización. Quen pode facer un testamento, cursar estudos regrados ou desenvolver unha ocupación laboral ha

poder votar. Unha persoa aqueixada dunha diversidade funcional psíquica non ten porque someterse a un exame xudicial que non pasaría a metade do censo electoral.

Velaí a necesidade de que as familias (como está a facer a de Mara) e os Fiscais que poden promover a declaración xudicial de incapacitación esixan que ésta sexa un traxe personalizado, salvando, non só o dereito de voto, senón todas as facultades xurídicas que non cumpra limitar para protexer ao afectado (autonomía nas relacións sociais e persoais, autonomía na administración dalgúns recursos económicos domésticos...). A sentenza xudicial de incapacitación decídese para protexer á persoa atinxida

e ten que respectar a súa dignidade e intimidade.

Porén, a clave deste debate son as políticas de inclusión social das persoas con discapacidades psíquicas. Persoas diversas en capacidades, mais que han ser iguais en dereitos. E esta igualdade esixe unha política de integración educativa, social e laboral ben dotada de recursos. Os mesmos recursos que foron substancialmente recurtados polo Goberno Feijóo na Grande Depresión, con actuacións como o peche indirecto dos Centros especiais de Emprego de Aspanas en Ourense.



por: Ramón Coira Luaces

Eduardo Pondal

Celebramos o centenario do pasamento de Eduardo Pondal (Ponteceso, 1835 - A Coruña, 1917), que naceu no seo dunha familia fidalga, enriquecida coa emigración a América. El era o sétimo e derradeiro fillo e a súa nai morreu un ano despois de nacer el. O seu pai era comerciante. Pondal estudou gramática latina na escola que tiña un crego parente seu. En 1848 inicia en Santiago de Compostela Bacharelato en Filosofía. E despois estudará a carreira de Medicina.

Frecuentou o Liceo de Santo Agostiño, onde había faladoiros literarios e comeza a revelarse como poeta no banquete de Conxo de 1856, organizado por estudantes liberais en memoria da rebelión de 1846 e en homenaxe ao "terceiro estado", confraternizando nel obreiros e estudantes. O brindado do seu amigo Aguirre e o de Pondal foron politicamente tan avanzados e inquietantes para os defensores da orde social vixente, que ambos os dous serían procesados pola Audiencia da Coruña, chegando incluso a considerarse a posibilidade de deportar a Pondal ás Illas Marianas.

Da súa etapa provincialista é Os Eoas, poema épico sobre o descubrimento de América, do que só publica en vida un esbozo en 1858 -e integramente só sairá á luz en 2005.

Ao rematar a carreira en 1860, exerce como médico militar da Armada Española en Ferrol. Un ano despois aproba as oposicións ao corpo de Sanidade Militar e consegue un posto na fábrica militar de Trubia, en Asturias; deixando a praza de xeito repentino e volvendo a súa casa paterna, o que lle obrigou a facer algunhas xestións para saír con ben do trance. Non volveu

exercer a medicina.

Participou na Coruña nos primeiros Xogos Florais de Galicia cun poema en galego titulado A campana d'Anllóns, que se publicaría ao ano seguinte. Desde a súa casa viaxaba con frecuencia a Compostela e a Coruña, onde participaba nos faladoiros rexionalistas da librería de Carré, chamada a "Cova Céltica", xunto con Manuel Murguía, Manuel Lugrís Freire e outros. En 1877 publica Rumores de los pinos, 21 poemas en galego e español, que serían a base da súa futura obra en galego: Queixumes dos pinos (1886), na que se encontra o poema "Os pinos", cuxas primeiras catro estrofas conforman o himno galego.

Pondal asume o papel de "bardo" e guía da nación galega. Como do pasado celta sábese pouco, Pondal adiviña, basándose nas escasas evidencias que quedan nas fontes clásicas ou na mitoloxía celta irlandesa. Defende a lingua e a cultura galega e a liberdade do noso pobo oprimido. E imaxina e canta un pasado no que eramos libres, usando unha técnica e estética simbolistas. Porén non só é un poeta épico, pois tamén ten poesía lírica. Pondal deixou dito: "Dés-tesme unha lingua de ferro, devólvovos unha lingua de ouro" e, certamente, a súa obra está chea de cultismos léxicos e sintácticos.

Algúns poemas seus están cuestionados por consideralos expresión patriarcal da violencia contra as mulleres. No entanto, el é un rexionalista próximo ao socialismo emerxente. Simpatiza co catalanismo e defende a irmandade co pobo portugués. Xunto con Rosalía e Curros é un dos grandes poetas do Rexurdimento. En 1965 adicouse o Día das Letras Galegas.



DOS CELTAS ANTIGOS

**Dos celtas antigos,
Gloriosos exemplos;
Do duro romano
Non lixios, non servos:
Rompede as cadeas
da patria, dos eidos;
Luitade valentes,
luitade galegos.**

**Con rogo e con pranto,
Con brandos acentos,
Non ben se consiguen
Os nobres empeños:
Esforzo e constancia
Vos peden os tempos**

EDITORIAL

Por: Guillermo Rodríguez

Director



ANINOVO, vida nova

Un quixera crer que cada vez nace un ano unha nova criatura se nos ofrece. Estamos tan sedentos de cousas agradables, bonitas, que nos dean satisfacción que somos quen de crer nas avelaiñas preñadas. O ser humano é por natureza secante; absorbe todo o que lle boten. Xa dixo Rousseau que as criaturas nacían exentas de maldade, que era a sociedade quen as corrompía. Nós queremos pensar que cada ano que comeza nace unha nova criatura, sá, nobre, honesta, decente. Tal vez sexamos moi inxenuos pensando así, pero se o facemos doutra maneira podemos rematar padecendo do figado, dos riles, podemos tolear, nunha palabra. Todos temos necesidade de que as cousas vaian ben; todos buscamos cariño e calor humano nos demais; todos estamos sempre cos brazos abertos para abrazar calquera cousa boa, agradable, que se nos ofrezca.

O problema non somos nós; o problema

non está nos nosos corazóns; o problema chéganos dado; ven de fora, chéganos dende púlpitos branquexados, dende tribunas falsas que nos bombardean con discursos malintencionados, falsos, pero presentados en papel de celofán para que pensemos que son auténticos, que nos van cambiar a vida, que van mellorar o noso vivir cotián.

Non é verdade, evidentemente, pero como diría un italiano “se non e vero e ben trovato”.

Todos os días étrannos polos sentidos información, consellos, anuncios, que parecera están chamados a que a criatura que somos se críe axeitadamente; creza, engorde nunha atmosfera ideal. Ofrecénnos un berce falso, pero somos criaturas indefensas diante de tanta maldade; gáñannos por goleada. Crean ao noso redor unha realidade virtual; unha posverdade. A verdadeira realidade só a sentimos cando estamos ao borde do abismo e nos deca-

tamos que non temos solución aos nosos problemas; cando nos damos conta que nos enganaron, nos estafaron, nos mentiron. Pero, na maioría dos casos, xa non temos remedio. Estamos asolagados nunha lama tan espesa que non somos quen de saír a flote.

Os medios de comunicación, xa o temos dito máis dunha vez, son totalmente tóxicos. Todos traballan “pro domo sua”; ou sexa, para os seus propietarios. O problema está en que os lectores, os poucos que hai, e aínda os que se nutren polas canles cibernéticas, non se cuestionan se son ou non son enganados. Déixanse levar polos que consideran mellor preparados, polos que cren deben decidir os seus destinos. Nada cuestionan; todo aceptan.

Nace un ano e somos chamados e vilado da mellor maneira posible, pero para os que manexan as nosas vidas pouco importa un novo ano. Eles traballan a longo prazo. Xa teñen decidido que pensan

facer coas nosas vidas dende tempos atrás e por moitos anos adiante. Que podemos facer, logo? Eu podería ter a tentación de aconsellarlles non facer nada., pero sería traidor aos meus principios éticos se así o fixera, porque eu non o fago. Vou gañar a batalla? Tal vez non, pero si vou estar satisfeito comigo mesmo. Iso non hai quen mo programe; iso non hai quen mo dispute. Para min é suficiente; para vdes? Terán que decidilo individualmente. Cada un de nós somos parte importante do noso propio universo. Eu así o penso.

Que durante este ano que nace sexan máis felices que no ano que ven de rematar. Que poidan liberarse “dos demos” que nos “achuchan” coas súas promesas de que podemos ser inmortais. Non o crean. Existen peores satanáas que dos que nos fala a Biblia.

Sexan felices, oun polo menos pelexen para selo. Saúdos e FELIZ ANINOVO

HUMOR

Por FELIX



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69

redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.


Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxio Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

PONTEAREAS

**FUCO PRADO**

Ponteareas recuperou gran parte da Senda do Tea



O Goberno local deixa para despois do inverno actuacións puntuais

O Goberno local de Ponteareas deu conta da conclusión de boa parte dos traballos de recuperación da Senda do Tea entre o núcleo urbano de Ponteareas e o Piñón na parroquia de Padróns, unha das zonas máis danadas polos temporais do pasado inverno. As actuacións realizáronse respectando o río.

Os traballos principais consistiron na retirada de todos os materiais da senda, nivelando e compactando a mesma, nas zonas de maior erosión ocasionada polas riadas e na variación do trazado da senda en dúas zonas, aproveitando camiños xa

existentes. Tamén se realizaron dúas pequenas escolleras para estabilizar os noiros das marxes, substitución dun tramo de valado por postes de madeira tratada para opoñer menos resistencia ás enchentes.

Outra das actuacións relevantes consistiu na eliminación de especies invasoras e a plantación de 1.000 plantas de especies autóctonas propias da ribeira do Tea.

Traballos para despois do inverno

Como os traballos non se puideron realizar antes, motivado a que convenio asinado coa Xunta para a súa financiación, foi asi-

nado no pasado mes de setembro, o goberno local preferiu actuar con prudencia e optou por deixar para despois do inverno a substitución da capa de xabre por outra estabilizada con ligante ecolóxico, naquelas zonas onde os danos ocasionados foron puntuais e nos que quedaron os traveseiros debidamente ancorados. Estas zonas son as únicas deste tramo de 4 km. nos que os traballos están incompletos para evitar máis posibles danos neste inverno.

A senda xa está sendo disfrutada polos veciños, cada semana en maior medida. Dende o goberno local tamén informan do seu compromiso co mantemento da senda para evitar que as esorrentías poidan deteriorala e acabar no río os arrastres de terra.

Nova imaxe institucional gráfica do Concello de Ponteareas



Entre os obxectivos da nova imaxe institucional gráfica do Concello de Ponteareas está ter unha imaxe única de toda a institución municipal, unha imaxe moderna, aínda que baseada nas tradicións e na proxección de Ponteareas no mundo.

A nova estética de comunicación que se irá espallando no vindeiro ano pretende ser a imaxe visual de Ponteareas como un concello vivo que bebe das tradicións. Para crear a nova identidade corporativa gráfica do Concello de Ponteareas, que convivirá co escudo oficial, procuráronse aqueles elementos máis representativos, tanto na arquitectura, o patrimonio, a cultura ou a gastronomía, para lograr un logotipo recoñecible e cargado de contido e simbolismo.

As comunicacións municipais estarán identificadas con ese símbolo do propio nome, resaltando o semicírculo polo que ten de elemento central tanto na propia ponte do escudo municipal, nas formas xeométricas das alfombras de flores, no castro de Troña e a serpe, como mesmo na fachada do edificio municipal ou as saborosas rosquillas de Ponteareas.

A nova imaxe corporativa

municipal complementará o escudo municipal. A nova identidade traslada unha imaxe moderna e renovada, unha imaxe que trata de expresar o momento actual. Nesta imaxe podemos ver as flores do Corpus, os arcos da ponte dos Remedios, unha imaxe que reflexa o dinamismo dos tempos actuais.

Ademais da creación dun logotipo, traballouse nas súas diferentes adaptacións, para dotar todas as comunicacións do Concello de coherencia interna e carácter propios, para tratar de cohesionar todos os elementos e axudar a comunicar mellor.

Para este deseño o goberno municipal contou co traballo de Leonor Parcero en colaboración con Guillotina Estudio. Licenciada en Publicidade e Relacións Públicas pola UVigo, profesional da comunicación que ademais preside a Asociación Galega de Comunicación Científica e Tecnolóxica (AGCCCT-Divulgación). Despois de ver varios esbozos, o Goberno decidiu facerlle o encargo. Agora preséntase un adianto, xa que a partir de xaneiro comezará a introducirse a mudanza da imaxe corporativa de Ponteareas nos diferentes departamento.

milfollas
LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Tel: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALXATERRA
Tel: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

Casa Eligio
RESTAURANTE

Tel.: 986 651 047

C/ del Carmen, 2 - A Cañiza

BODEGUILLA PULPERIA
TAPERIA

BERCEO

Rosalía de Castro, 6
PONTEAREAS

Teléf. 986 660 826

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

Exposición “Fogo sagrado” do fotógrafo Demetrio Monteagudo no Museo Municipal

O pasado 19 de decembro inaugurouse esta exposición na sala multiusos do Museo Municipal de Ponteareas e estará aberta ao público de balde até o 27 de xaneiro.

Inclúense nesta exposición, entre outras, unha serie de fotos do Entroido tradicional galego no ritual da “queima do Meco” polo convencemento de que esta festa ten a súa orixe nas festas relixiosas solsticiais que celebrábanse na Europa antiga. Tamén inclúe o uso do lume en rituais coincidentes con festividades relixiosas e pagás ao longo do ano por toda a xeografía galega. Como elemento común a esta selección de fotos temos a plasticidade e beleza do lume, e tamén a discreta ledicia dos portadores da chama.

Demetrio Monteagudo González naceu en Vigo no ano 1952. A afección á fotografía espertoulle no ano 1973. Dende esta data mantén coa fotografía una relación autodidacta, intermitente e bipolar que se pode permitir



pola súa condición de afeccionado. O seu obxectivo son case sempre temas de antropoloxía social como as festas, tradicións relixiosas ou traballos tradicionais. Neste senso, nunca sentiu atracción pola fotografía de estudo.

Ten obra publicada na Gran Enciclopedia Galega, na revista Río (2000 – 2004) e colabora en publicidade empresarial. Mostrou a súa obra en varias exposicións, entre outras: No centro Goianés (Goián 1984), na Asociación Cultural Eliseo Alonso (Tomiño). No ano 2014 presentou no Museo Etnolóxico de Ribadavia a mostra “Detrás da máscara” centrada no Entroido. No 2016, estivo neste mesmo museo coa obra que agora presenta en Ponteareas.

Ponteareas destinará 2 millóns dos fondos EDUSI á recuperación do Tea e mellora do medio ambiente

O alcalde Ponteareas, Xosé Represas, xunto á primeira tenente de Alcalde, María Jesús Garrote e ao concelleiro de Servizos Sociais, Manuel Troncoso, conxuntamente cos técnicos da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Integrado –EDUSI– “Ponteareas Habitat Saudábel”, mantiveron unha reunión de traballo cos portavoces de todos os grupos da Corporación na que abordaron as distintas liñas de actuación e a previsión de destino da axuda de fondos europeos logrados polo Concello de Ponteareas que suporá un investimento de 6.250.000 euros nos vindeiros anos.

Estes fondos irán destinados a diferentes liñas coa finalidade de mellora da calidade de vida; protexer e conservar o medio ambiente, mellorar o acceso e utilización das TICS, favorecer unha economía baixa en carbono e promover a inclusión social e a loita contra a pobreza. Para acadar estes obxectivos poranse en marcha no novo ano as seguintes liñas de actuación:

Recuperación do Tea e actuacións de mellora do medio ambiente

O plan financiado con fondos europeos prevé destinar 1.925.000 euros para actuacións como a recuperación do entorno do río Tea no seu tramo máis próximo ao núcleo urbano, mellorar o entorno urbano e os espazos públicos e a creación de equipamentos culturais e promoción da paisaxe.

Favorecer unha economía baixa en emisións de carbono

Para estas actuacións o plan contempla 1.575.000 euros que irán destinadas, entre outras, a mellora da eficiencia enerxética de edificios e alumeadado público con actuacións en edificios municipais, a posta en marcha dun plan de aproveitamento da biomasa ou o fomento da mobilidade saudable con proxectos de actuacións no núcleo urbano e o seu entorno.

Mellora no acceso, uso e calidade das Tics

O programa destina 850.000 euros para accións de modernización da administra-

ción municipal a través da administración electrónica e outras accións como a mellora dos servizos de administración electrónica, a planificación estratéxica e urbana de Ponteareas, sistemas de acceso a internet dende todas as parroquias ou o fomento do desenvolvemento rural mediante o uso das novas tecnoloxías.

Promoción da inclusión social e loita contra a pobreza

Destinanse 1.900.000 euros a este obxectivo para por en marcha accións como o apoio a programas de vivenda social, a creación dun viveiro de empresas para fomentar a actividade empresarial e o autoemprego, iniciativas de apoio ao comercio local, actuacións de rexeneración urbana e rehabilitación en zonas desfavorecidas e un plan de apoio para a igualdade.

Para a concreción destas actuacións poranse en marcha mecanismos de participación social e veciñal, ademais do conxunto da Corporación Municipal,

Vinoteca
Eira Vella
víños, tortas, pulpas e docas...

Rosalía de Castro 12 Baixo
Ponteareas

694 416 706

GASOLEOS
TEA S.L.

Distribución Oficial para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIAL E AUTOMOCIÓN
-SERVIZO A DOMICILIO-

Tlf. e Fax: 986 61 43 12
Rosalía de Castro, 3 A GUARDA
Tlf.: 986 66 13 90 - Fax: 986 66 13 89
Rúa Real, s/n PONTEAREAS

REPSOL

PONTEAREAS

14º edición da Marcha BTT das Rosquillas en Ponteareas



A Asociación Deportiva Cultural Picaraña organiza un ano máis a Marcha das Rosquillas, e xa vai na súa catorce edición. O domingo 29 de xaneiro ás nove e media da mañán darase

saída a ruta de ciclismo BTT polos montes ponteareáns, que terá sobre 35 quilómetros de percorrido de dificultade media-alta con un desnivel acumulado de 1645 metros e un tempo aproxi-

mado dunhas tres horas. Contará ademais con alternativas para os que non queiran baixar pola zona de trialeiras.

As inscricións están abertas desde o día 5 de xaneiro e pe-

charanse o día 24, sendo ilimitadas para a marcha BTT pero tendo limitadas as plazas para o xantar posterior, no pavillón Álvaro Pino, a 800 comensais. O prezo das inscricións será de 5€ ciclista, 14€ ciclista con comida e 10€ acompañante. O xantar, con carne o caldeiro e chuletas á plancha terá de postre, como non, Rosquillas de Ponteareas.

A organización recomenda estar 30 minutos antes da hora da saída para recoller os dorsais, aínda que este ano pódense recoller o sábado 28 de catro a oito da tarde no pavillón Álvaro Pino, xunto á piscina municipal.

Como teñen feito en anos anteriores, tamén terán unha ruta de senderismo para todos os públicos, cun percorrido de 12 kms., para a que non fará falta inscrición previa, e cada senderista terá que levar o seu avituallamento.

“Mulleres en acción. Violencia zero” na Praza Maior en Ponteareas

A Concellería de Igualdade, xestionada por Verónica Carrera, reivindica a igualdade de xénero e pon o foco no estado actual da problemática da violencia machista no noso país a través do proxecto de acción artística contemporánea “Mulleres en Acción. Violencia zero”.

Esta iniciativa arranca da Deputación de Pontevedra para conmemorar o Día contra a Violencia Machista facendo accións de sensibilización en distintos concellos da provincia, perdurando así no tempo a reflexión por parte da cidadanía.

Ponteareas é un dos concellos que participa nesta edición do programa, facendo unha acción que terá lugar o vindeiro xoves día 19 de xaneiro ás 12 horas na Praza Maior da vila. En caso de choiva levarase ao Auditorio Municipal “Reveriano Soutullo”. Participando alumnado de 3º e 4º ESO e Bacharelato de seis centros escolares.

A acción artística será unha performance titulada “Verbalización” guiada pola artista Fabiola Mecías que a define como “Verbas fundadoras de realidades, alma do que existe, a ollada sobre o mundo”. A actriz plástica desenvólvese entre a arte performativa e a creación de espazos e accións poéticos e diversos.

O contido da actividade é verbal e corporal, rematando coa elaboración dun mural que será despois dividido e custodiado polos centros participantes.

Desirée Duarte e Isabel Castro foron recibidas no Concello

As ponteareás Isabel Castro e Desirée Duarte están a competir ao máis alto nivel no ciclismo. Teñen participaciós nas copas e campionatos de Galicia e España salientables, con vitorias por parte de Duarte no Campionato de Galicia de Enduro BTT realizado o pasado domingo 18 en Moaña e na Copa de Galicia en Boiro o pasado 6 de decembro 2016; ou a vitoria no Trofeo Horacio Barrios de ciclocross por parte de Castro.

Desde a categoría Junior, Desirée Duarte, de 19 anos na actualidade, ten acumulado unha

chea de títulos en ciclocross e mountain bike: primeira na Copa de España e terceira do Campionato de España, no primeiro ano, así coma segunda desta competición no seguinte ano en ciclocross. Xa na categoría Élite Sub-23, en mountain bike ten acadado a segunda e terceira posición no Campionato de España en anos consecutivos, no 2014 e 2015.

Isabel Castro, tras un proceso de recuperación dunha grave lesión nas costas, está a recuperar o seu mellor nivel, que xa lembra a campioa do Campionato de



Galicia entre 2007 e 2010 e o campionato de España entre 2010 e 2011 de ciclocross.

“Estamos moi orgullosos de contar co esforzo e exemplo de

Desirée Duarte e Isabel Castro para levar o nome de Ponteareas por todos os circuitos nos que participan”, sinala o concelleiro de Deportes.

Jurídica | Fiscal | Laboral-Social
Mercantil | Contable

ASER GALICIA

ASER GALICIA S.L. - Rúa do Comercio, 10 - 15100 Ponteareas (Pontevedra)
Tel: 986 642 052 - Fax: 986 642 051 - aser@asergalicia.com

ASER GALICIA S.L. - Rúa do Comercio, 10 - 15100 Ponteareas (Pontevedra)
Tel: 986 642 052 - Fax: 986 642 051 - aser@asergalicia.com

TAPERÍA

Nosa Terra

RESTAURANTE

Menú obreiro - Pechado luns tarde e festivos
Especialidade en embutidos, carnes e peixes

986 642 052 Rúa Camélias, 10 Ponteareas

Restaurante O'Rianxo

Algo diferente no Condado

Terraza de verán interior
Cra. N.º 120
Vilagroburo - Mondariz
GALICIA - ESPAÑA
Tel.: +34 986 654 434

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

O Concello de Ponteareas esixe a Fomento unha actuación urxente na zona do novo instituto de bacharelato

As concelleiras de Seguridade e Ensino amosan a súa preocupación e indignación ante a pasividade do Ministerio de Fomento pola falta de seguridade na N-120

O goberno de Ponteareas instouxa no pasado curso ao Ministerio de Fomento a necesidade de tomar medidas inmediatas para mellorar a seguridade viaria na estrada N-120 na zona do Barral fronte ao novo instituto IES do Barral. Así a concelleira de Seguridade Cidadá, Vanesa Fernández e a concelleira de Ensino, Cristina Fernández solicitaron a instalación de medidas de seguridade como un paso de peóns e outras actuacións que garantisen a seguridade para os nenos e nenas do novo instituto situado no Barral ao entrar e saír do centro. A este respecto sinala a Concelleira de Ensino, Cristina Fernández, que “é competencia das administracións públicas velar pola seguridade dos veciños e veciñas, canto máis cando estamos a falar de menores”.

Tras varias peticións ao Ministerio de Fomento, concretamente á Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia, en 2015 e en 2016, as concelleiras de Seguridade Cidadá e Ensino amosan o seu malestar e a súa preocupación pola resposta insatisfactoria dada polo Ministerio. “Non nos imos conformar coa resposta do Ministerio na que afirma que o tramo correspondente ao entorno do IES Ponteareas está sinalizado convenientemente” afirma Vanesa Fernández, Concelleira de Seguridade Cidadá, que urxiu de novo ao Ministerio e cualificou a sinalización existente “insuficiente como así se demostrou o pasado 10 de xaneiro cun novo accidente de tráfico. Un atropelo a 50 km/h sería equivalente a caer dende un edificio de cinco pisos de altura”.

No mesmo escrito a Concelleira de Seguridade Cidadá solicitou a elevación da cota de varios pasos de peóns na N-120 ao seu paso polo núcleo urbano como medida “necesaria e imprescindible” para a seguridade vial.

As concelleiras de Ensino e Seguridade Cidadá agardan que o Ministerio realice con urxencias estas actuacións sen agardar a que haxa que lamentar accidentes graves.

Inés Vidal, nova Concelleira de Comercio, tomará posesión o martes 17

Dona Inés Vidal, tomará posesión como concelleira no Pleno Municipal do martes 17 de xaneiro, en representación do Partido Socialista, trala dimisión de Mario Lago. Asumirá as competencias da Concelleira de Comercio, Hostalería e Consumo.

Muller de 36 anos, nai de 2 fillas. De profesión contable ten desenvolvido a súa carreira profesional durante 14 anos en diferentes empresas. Recentemente iniciou unha nova andaina como emprendedora, poñendo en marcha a empresa “Al Punto”, unha take away /comida para levar, nun local da Praza de Abastos de Ponteareas.

Foi concelleira socialista na última lexislatura dende 2011 ate 2015. Unha etapa, na que podemos salientar a súa defensa do principio de igualdade entre mulleres e homes, e a denuncia contra dos recortes nos servizos públicos especialmente na sanidade. Ademais se lle recoñece un magnífico traballo en positivo en apoio do comercio local.

É Secretaria de Organización do PSOE de Ponteareas dende 2012, desenvolvendo un traballo decisivo para acadar o goberno local nas eleccións municipais



de 2015, conseguindo desalojar ó PP do goberno de Ponteareas.

A súa vontade é xestionar dende o dialogo e o consenso con todos os interesados, comerciantes e hostaleiros así como coas súas asociacións.

Entre as súas prioridades como Concelleira de Comercio, está fortalecer o comercio local como pilar básico do desenvolvemento económico de Ponteareas, adecuar a normativa existente para simplificar e favorecer o desenvolvemento empresarial e comercial e apoiar e estimular iniciativas que supoñan unha modernización do comercio local con importante retorno económico para os establecementos comerciais.

Facer de Ponteareas o centro de atracción comercial da comarca Condado-Paradanta, será o seu gran obxectivo.

Goya Pub
www.goyapub.es

LIMPIEZAS PONTAREAS
Comunidades, Colegios, oficinas
cristalerías, moquetas, abrillantado
de suelos, primeras obras,
limpieza de fachadas
Rúa As Lavandetras, 3 Baixo
36880 PONTAREAS
Telf. y Fax: 986 661 052

AGROITIS
Análises de Viño - Asesoramento Técnico
Productos Agrícolas, Enoloxicos e fitosanitarios
986 642 507
Rúa Ciclista Delio Rodríguez, 4 baixo
Ctra. de Salvaterra Ponteareas

Castelo MUEBLES
Atención al Cliente
609 288 188
Tlf.: 986 654 312
Ctra. General, nº 66. VILLASOBROSO
Castelo 2 MUEBLES
Tlf.: 986 642 925
Avda. Castelaio, nº 26. PONTAREAS
www.mueblescastelo.es - mueblescastelo@hotmail.com

ALBARIÑO Viña Araujo
RIAS BAIXAS
DENOMINACION DE ORIGEN
Telf./fax : 986 658 066
Porto-Praza, 5
www.adegaaraujo.com

PONTEAREAS

O goberno contra o debate dunha moción do PP sobre a perda dunha subvención para a mellora de pistas en Cillarga, Cumiár e Mouro

Na Comisión Informativa celebrada o 11 de xaneiro, o goberno municipal votou en contra de debater no próximo Pleno Ordinario unha moción do PP na que solicitaba a reprobación e a dimisión de Chus Garrote e o Sr Represas pola perda desta importante subvención destinada a mellorar a rede viaria do Concello.

O pasado 09 de xaneiro, o Partido Popular rexistrou esta moción no Concello de Ponteareas para que a Comisión Informativa de Vías e Obras da Corporación Municipal ditaminase a súa urxencia en base a esta grave perda dunha subvención que vai en contra dos intereses dos veciños e veciñas de Ponteareas.

Dende que o pasado 25 de xaneiro de 2016 AGADER ditaba resolución pola que se aprobaba o Plan Marco de Camiños Rurais coa listaxe dos concellos galegos beneficiarios, onde ao concello de Ponteareas correspondíalle a cantidade de 87.611euros (sen IVE), ata que na Xunta de Goberno do 29 de febreiro aprobaban solicitar o proxecto denominado "Mellora da seguridade Viaria en Cillarga, Cumiár e Mouro" cun presuposto total ive incluído de 87.611 euros, do que xa sabían que tiñan que solicitar as correspondentes autorizacións, entre outras, a de Patrimonio para poder executar a obra, esperaron seis meses para facer a preceptiva solicitude de autorización á Consellería de Cultura (Patrimonio), concretamente o 19 de xullo de 2016.

Agora, segundo o sr. Alcalde, a culpa da perda da subvención é de Patrimonio porque tardou moito en contestarlles, cando o que realmente pasou foi a nefasta xestión levada a cabo na tramitación do expediente desta subvención, na que unha vez máis o goberno tenta botar balóns fóra, culpando a outros dos seus erros.

Pero o curioso é que para tapar os seus propios erros non se lles ocorreu mellor cousa que solicitarlle á Deputación axuda para esta obra que a denominan como 1ª Fase e cun importe diferente, o que vén a demostrar a chapuza da tramitación seguida por este incompetente goberno.

Para o PP queda clara, unha vez máis, a incompetencia e a negligencia deste goberno na tramitación desta subvención que despois de ter practicamente un ano para redactar, executar e xustificar esta obra, o único que fixeron foi aprobar modificación tras modificación do proxecto inicial, así ata tres, quedando a obra sen executar e perdendo unha importante subvención da que ningún membro do goberno asumise responsabilidades por este cúmulo de despropósitos, é polo que o grupo popular presentou, para o seu debate no Pleno, unha moción na que se solicita que a Corporación municipal acorde a reprobación e a dimisión do Alcalde e da Concelleira de Vías e Obras pola perda desta importante subvención do Plan Marco de Camiños Rurais 2016 da Xunta de Galicia.

ACiP Califica de lamentable a organización da Cabalgata dos Reis Magos

A voceira de ACiP Raquel Bautista Alfaya denuncia o que considera unha total e absoluta falta de organización durante a pasada Cabalgata de Reis, así como o que considera un erro que os Reis Magos recibiran aos nenos/as dentro dunha carpa totalmente insuficiente, o que provocou momentos de pánico por parte dos pais que vian como os seus fillos se perdían entre a multitude e non podía facer nada porque, cu-

riosamente, as autoridades locais alí presentes (Concelleira de Cultura, Hortensia Bautista e José Represas, Alcalde) ocorreselles prohibir aos pais acercarse ao Reis levando aos fillos da man, ao tempo que impartían ordes contradictorias chegando a ameazar con suspender o acto.

Dende ACiP pregúntanse como dispoñendo dun Auditorio, que lle custou aos veciños máis de tres millóns de euros, coas dimensións axeitadas para

un acto deste tipo, no que os Reis poderían agasallar aos nenos con total tranquilidade, os pais facerlle as fotos que desexaran e sentados disfrutando do momento con total comodidade, se toma a decisión de celebrar o acto nunha carpa cunhas dimensións a todas luces insuficientes. Houbo nenos/as que se extraviaron tendo que ser a presentadora quen o comunicara pola megafonía.

O PP di que Vanessa Fernández anuncia PDA's para os Axentes da Policía que non están conectadas nin con Tráfico, nin co Padrón, nin con nada.

O Goberno non deixa nunca de sorprendernos, afirma o portavoz do PP, con respecto ás últimas declaracións que aparecen nos medios de comunicación en relación ó funcionamento da Policía Local, que parece que agora resolven dándolles unhas "máquinas" ou PDA's, cando o problema de fondo déixano sen resolver.

Na Policía Local este Goberno ten un importante problema de persoal efectivo dedicado ó servizo, porque xa era "xusto" o número de axentes que había nos últimos anos e que se agravou nos últimos meses con xubilacións, e se a isto lle engadimos que hai de baixa 4 ou 5 nestes momentos, e que algúns están buscando marcharse para outros conce-

llos, o resultado é un servizo de Policía totalmente insuficiente.

Primeiro, prometeron mellores salariais ós Policias que non cumpriron, logo centraron os seus esforzos en crear unha praza de Inspector de Policía, que non era necesaria, e menos cando non existen Axentes suficientes nin Oficiais, praza coa que pretendían gastar preto de 50.000€, e para o cal amortizaron outras prazas de policías en vez de cubrilas, e meses despois nin existe o Inspector de Policía nin existen as mellores salariais para os Policias existentes.

Teñen pendente aprobar un Regulamento de 2ª actividade, que é obrigatorio, e que o Goberno do PP xa lles deixou elaborado, negociado cos

sindicatos e informado favorablemente, pero que non aproban porque "non lles interesa".

E agora, anuncian uns dispositivos electrónicos PDA, que terán os axentes e que parece ser que o único beneficio que reportan é que suprimirán casi por completo o papel na actividade, porque do resto, nada; ademais é falso que estean conectadas á bases de datos, tampouco teñen conexión con Tráfico, e non teñen conexión co Padrón; en definitiva, non valen para consultar nada nin facer ningún trámite administrativo, sería como ter un teléfono móbil pero máis grande, polo tanto, non entendemos de qué se sinte tan orgullosa a señora concelleira, Vanesa Fernández.



CONDADO/ PARADANTA

MONDARIZ / COVELO

O Balneario de Mondariz aposta pola eficacia enerxética e o uso de biomasa

O director xeral de Enerxía e Minas, Ángel Bernardo Tahoces, destacou durante a súa visita ás instalacións do Balneario de Mondariz o compromiso desta empresa polo aforro e a eficiencia enerxética a través dun novo proxecto que contou coa colaboración da Consellería de Economía, Emprego e Industria e que permitiu a modernización dos equipos para deshumidificar e de refrixeración, ademais de implantar un sistema de control do consumo enerxético.

En concreto, a Xunta concedeu unha axuda de 100.000 euros para a execución do proxecto, que permitirá ao Balneario de Mondariz un aforro enerxético de 455.000 kWh ao ano, é dicir, o equivalente ao 58% do seu consumo inicial.

Asemade, o director xeral lembrou que a Xunta está a impulsar, tamén neste balneario, unha rede de calor con biomasa que supón un aforro enerxético en combustible de 80.000 euros anuais. Para



Un responsable de Medancli, o director e o financeiro do Balneario de Mondariz, o alcalde de Mondariz balneario e o director xeral de Industria da Xunta.

a posta en marcha da nova infraestrutura, a Consellería de Economía, Emprego e Industria achegou 200.000 euros a través

da liña de apoios promovida polo Inega. O district heating cobre a demanda térmica dos tres edificios do Balneario, satisfacendo as

necesidades de produción de auga quente sanitaria e a climatización das piscinas do denominada Palacio del Agua.

Novas calefaccións con biomasa en espazos públicos de Covelo

Foron instaladas e se atopan en pleno funcionamento as estufas de biomasa dos centros sociais de Maceira e A Lamosa así como a caldeira de biomasa para calefactar a gardería e biblioteca en Covelo, realizadas grazas á subvención para a realización de proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.



Mondariz destina 4.100 euros ao Programa de Alimentos

O Concello de Mondariz destinou un total de 4.100 euros ao seu Programa Solidario de Alimentos, froito dunha petición que o consistorio realizou á La Caixa, quen colabora en diversas iniciativas solidarias co seu programa de "Obra Social".

O alcalde de Mondariz, Xoán Carlos Montes Bugarín, quixo agradecer "a sensibilidade amosada por La Caixa, e en particular pola súa responsable en Ponteas-

reas, Anabel Troncoso, que non dubidou en responder á solicitude desta axuda que lle fixo o Concello".

O Programa Solidario de Alimentos de Mondariz atende, nestes momentos, ás necesidades de 56 familias do municipio o que supón prestar atención a máis de 150 persoas.

Unha das maiores preocupacións do Concello, á hora de desenvolver este programa, son os

períodos vacacionais dos nenos e nenas, como no caso do Nadal, en que non poden utilizar o servizo de comedor escolar.

Coa axuda de La Caixa, o Concello de Mondariz pode desenvolver o seu programa en tres eixos destinando, por unha banda, 2.500 euros a produtos de alimentación básicos en xeral. Doutra banda, destina do importe global, 1.000 euros a produtos de hixiene persoal e doméstica e, finalmente e dadas as datas nas que andamos, 600 euros foron para produtos de Nadal, de tal xeito, sinala o Concello "que as unidades familiares con menos recursos poi-

dan gozar destas festas con dignidade".

O alcalde de Mondariz, Xoán Carlos Montes Bugarín, salien-

taba a importancia deste programa "que permite cubrir necesidades das familias ás que a Cruz Vermella, non chega".



Forjados Durán S.L.

Fábrica y Oficinas:
Santiago de Ribarieme, 1
36147 AS NEVES (Pontevedra)

Tel: 986 648 130
Fax: 986 648 030
e-mail: duran@forjadosduran.com
http: www.forjadosduran.com

Ler e Punto

LIBRARÍA EN XERAL - PRENSA
COPIAS - FAX - RECARGA DE MÓBILES
MERCEERÍA - LABORES - LÁS
MANUALIDADES - AGASALLOS

Tel: 986 648 114 - 607 577 147
ENTRADA de AS NEVES
Frente á gasolinería, e xunto a XES

**Panadería Pastelería
A Fogaza**

Pan Artesano

Dario Bugallal, 7 Pontenoves
Tel: 886 15 52 49 - 661 95 84 79

Nova sinalización da Ruta da Lamprea



A directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, xunto co alcalde de Arbo, Horacio Gil, visitaron a Ruta da Lamprea no seu paso polo concello para comprobar o resultado da súa nova sinalización turística.

O obxectivo desta sinalización é mellorar a accesibilidade aos puntos que integran os diversos itinerarios desta Ruta que atravesa un total de dezaioito municipios galegos situados nas beiras dos ríos Miño, Ulla e Tambre.

A actuación consistiu na colocación, por unha parte, de sinalización dinámica informativa en estradas, a través de paneis promocionais, e, por outra, de sinalización estática situado ao principio de cada un dos itinerarios e en zonas céntricas ou de máxima afluencia de visitantes dos concellos que albergan a Ruta da Lamprea, a través de paneis interpretativos.

Así, foron instalados por Turismo de Galicia un total de 30 paneis interpretativos e 5 pa-

neis promocionais. Destes, cinco sitúanse no río Tambre, once no río Ulla e dezanove no río Miño.

Con esta sinalización, o dito departamento da Xunta pon en valor esta Ruta da Lamprea, un produto turístico innovador e diferenciador que combina o compendio de recursos que atesoura cada unha das zonas dos tres ríos coa visita a lugares de interese natural e cultural a súa contorna.

Esta sinalización continúa coa aposta de Turismo de Galicia por esta Ruta da Lamprea e este concello tras a mellora do acondicionamento do entorno fluvial das pesqueiras, un dos principais atractivos do curso baixo do río Miño e deste produto turístico.

Estas actuacións contribúen a potenciar o valor destas pesqueiras que constitúen un exemplo vivo da enxeñería popular, do coñecemento do río e dun modelo de pesca sostible que caracteriza a todo o espazo fluvial onde se asentan.

Medio Ambiente remata a adecuación dos miradoiros de Fichocas e de Guillade en Crecente

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio vén de rematar as obras de adecuación dos miradoiros das Fichocas e de Guillade, no Concello de Crecente. A directora xeral de Patrimonio Natural, Ana María Díaz, visitou esta mañá – xunto co alcalde, Julio García Luengo – a obra de adecuación desta zona, na que se investiron máis de 30.000 euros, e que foron cofinanciadas con recursos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).

Tal e como explicou a directora xeral, o obxectivo desta actuación foi adecuar un miradoiro sobre o río Miño ao carón da estrada que une os lugares de Os Padrosos e Rebordechán, denominado como Miradoiro das Fichocas. Para gozar deste enclave sen afectar á contorna natural sinalizouse a zona de aparcamento e acondicionouse un camiño que une o aparcamento e o miradoiro das Fichocas, así como a con-

torna do miradoiro de Guillade.

Dende estes miradoiros visualízanse lugares moi emblemáticos do Concello de Crecente, como o amplo meandro do río Miño de case 360 graos e con abundante vexetación, que resulta moi atractivo dende a cota do miradoiro. Tamén se aprecian as pontes entre Filgueira e Cortegada.

A menos de 100 metros da situación prevista para o miradoiro existe un terreo adecuado para a construción dun aparcamento de vehículos. Este miradoiro estará situado nunha antiga curva, hoxe fóra de uso, da estrada que une A Cañiza e Filgueira (PO-406).

Ana María Díaz destacou o esforzo da Consellería de Medio Ambiente por apostar por este tipo de actuacións, que cumpre co obxectivo de recuperar espazos naturais e da súa posta en valor, co fin de que o conxunto da sociedade goce das paisaxes desta área galega.



o remendón

Cerraxería **24 HORAS**

vivenda-automóbil-chaves

Reparación de calzado

Tlf. 637 764 865
cerrajeroremendon.com
Rúa Raíña Dña Urraca, 20-baixo 3
Salvaterra de Miño

ELECTRICIDAD
IN. M. A. C.
CONDADO, S.L.

Jorge Ferreira Bouzo
Instalador Autorizado PO-1503

- Instalacións e montaxes eléctricas en xeral
- Calefacción eléctrica
- Alumeados públicos
- Estudos e proxectos de aforro enerxético
- Servizo de averías e mantemento **24 Horas**

Tel. 986 65 82 07 - Móvil 687 84 01 55 - 85 email: administracion@electricidadcondado.es
Polg. Ind. Chan da Ponte, Nave 1 - 35450 SALVATERRA DE MIÑO

BIMCA, S.L.

FERRETERÍA Y MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN
PAVIMENTOS Y AZULEJOS
PINTURAS, SANEAMIENTOS, ELECTRODOMÉSTICOS

C/ Rosalía de Castro, 99. SALVATERRA DE MIÑO
Telf. 986 659 362 - 986 658 514 - Fax 986 658 274
e-mail: bmcag@bimca.com www.bimca.com

Diverso e colorido Nadal no Condado

Nesta galería fotográfica da autoría do que ven sendo un auténtico cronista gráfico do Condado e Paradanta dos últimos anos, Hernández, recolle as celebracións que durante este tempo do Nadal se veñen sucedendo nos

Concellos destas comarcas.

Non poden faltar os desfiles dos Reis Magos polas rúas e a entrega de agasallos aos nenos, dos que vemos os de Ponteareas (1), Salvaterra de Miño (2) e Covelo (3). Nal-

gún Concello apúntanse as novas tendencias, a sorprendenos co diferente, e así, un ano máis os veciños de Mondariz brindaron co champán e as uvas do Aninovo ao mediodía na Praza (4).

De máis longa tradición o belén vivente de Cabeiras, en Arbo (5) ou as danzas do Rancho de Reis de Guláns (6) que acompañan xunto a un belén vivente a procesión de San Xulián o 7 de xaneiro.



Desfile de Reis Magos en Ponteareas



Desfile de Reis Magos en Salvaterra de Miño



Reis Magos en Covelo



Festa de Aninovo na Praza de Mondariz



Belén vivente en Cabeiras, Arbo



Rancho de Reis en Guláns, Ponteareas

CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

Aprobada unha moción dos socialistas para adaptar os edificios públicos ás normas de accesibilidade

O grupo municipal socialista presenta unha moción no derradeiro pleno ordinario do ano 2016 solicitando a elaboración dun plan especial e urxente de actuación para adaptar os espazos e edificios de uso público ás normas de accesibilidade vixentes, establecendo prioridades, prazos e as vías de financiamento, sendo aprobada

por unanimidade da corporación municipal.

Claro exemplo destas necesidades son as instalacións educativas, nas que ningún dos tres colexios de primaria existentes no municipio dispón de ascensor: Carlos Casares de Alxén, o CEIP de Leirado e o Infante Felipe de Salvaterra, este último con tres plantas e mais de 400

alumnos.

No ámbito sociocultural e especialmente grave a situación da Casa Multiusos de Salvaterra na que se atopan, ademais dun salón de actos con acceso exterior, unha biblioteca na terceira planta, os aseos de uso xeral no semi-sótano, e diferentes aulas repartidas por todo o edificio.

Lazoiro solicítalle ao concello a instalación de desfibriladores externos nos lugares públicos

O Pavillón Municipal de Salvaterra ou o Campo de Fútbol do Casal, son algúns dos exemplos que hai en Salvaterra nos cales debido á gran participación de xente e o seu uso deportivo fai de especial importancia a instalación de desfibriladores externos. Lazoiro tamén considera "importante a realización de cursos de formación daquelas persoas responsables das diferentes disciplinas deportivas que se dan nas instalacións públicas do noso concello para poder facer un uso correcto dos aparellos".

O uso dos desfibriladores por parte de persoal con coñece-



mentos ante unha parada cardíaca incrementaría ata o 90% as posibilidades de supervivencia nos primeiros cinco minutos, segundo o Foro de Expertos en Desfibrilación, por iso fanse cada vez máis necesarios e xa son moitos os concellos galegos que os teñen instalados.

Ademais, a Asociación Lazoiro ten constancia dunha liña

de axudas por parte da Deputación de Pontevedra publicada no "BOPOP" Nº226 do 23 de novembro de 2015, na que saíron publicadas as bases e convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 20.000 habitantes para adquisición de desfibriladores, onde entraría o Concello de Salvaterra, pero que o equipo de Goberno non solicitou

Por todo isto, Lazoiro pediu-lle ao Goberno de Salvaterra de Miño a instalación destes medios técnicos e a realización de cursos de formación para a boa utilización dos desfibriladores.

Arranca o segundo curso "Coñece o teu mobil"



Arranca en Salvaterra de Miño o segundo curso de "COÑECE O TEU MOBIL", un curso enfocado a maiores de 55 anos no que se busca que todas as persoas coñezan e saquen o máximo rendemento a unha ferramenta tan importante e indispensable como é hoxe en día o teléfono móbil.

Consultar o tempo, solicitar unha cita médica, ver a prensa, mandar un wasap.... son moitas das cousas que facemos habitualmente co noso teléfono, e dende o Concello de Salvaterra buscan que todos os seus veciños e veciñas lle saquen o máximo rendemento, iso unido a que este Concello é dos poucos que ten

servicio de wifi gratis en todo o seu municipio, co cal calquera veciño pode ter acceso a internet.

A Tenente de Alcalde, Marta Valcárcel Gómez recoñece que é moi importante saber manexarse coas novas tecnoloxías, xa que hoxe en día podemos facer case calquera cousa a través dos nosos teléfonos, e a veces os máis maiores necesitan un pouco de axuda, por iso naceu este curso, que debido a gran acollida que tivo o ano pasado repítese, e este ano ademais amplíase, xa que ten unha duración de dous meses, e que se une ao resto de cursos formativos dirixidos a adultos no Concello, como pode ser Informática Básica e Memoria.



Touriñán chega este mes ao Teatro Afundación de Vigo



O venres 27 de xaneiro, o popular cómico galego Xosé Antonio Touriñán chega ao Teatro Afundación de Vigo co Monólogo do imbécil, un texto de José Prieto que recibiu o Premio Max de Teatro en 2003 e no que "hai moito humor, pero tamén moita tenrura e outras sensacións". As entradas xa están á venda na plataforma Ataquilla.com, dende 10,80€ máis gastos.

O Monólogo do imbécil afás-

tase bastante do formato televisivo do gag e do chistes e preséntanos unha nova faceta de Touriñán, ao transformalo en Santi, un pobre diaño ao que todo lle sae mal, a pesar dos seus moitos intentos por levar unha vida normal. "O protagonista é un imbécil ao que todo lle sae ao revés, pero é un imbécil no bo sentido, porque ten outras cualidades e iso fai que empaticemos con el", di o cómico dun personaxe que para

el supuxo un "regalazo". Iso si, para darlle vida tivo que esforzarse moito. "Estar só non escenario durante máis dunha hora non é nada doado. Con esta peza entrei nun espazo de non-comfort que me obrigou a traballar moitísimo e a memorizar un texto como nunca antes ou fixera... ¡Coido que para esta obra tiven que estudar máis que para terminar a carreira!" comenta o televisivo actor.

SES actuará en Vigo o 4 de febreiro logo de esgotar as entradas na Coruña e en Narón

SES continúa a xira de presentación do seu novo traballo, 'Opoñerse á extinción', o vindeiro sábado 4 de febreiro en Vigo, no Auditorio do Mar de Vigo, logo de estrear en directo con dous concertos consecutivos con entradas esgotadas no Teatro Rosalía da Coruña, e logo tamén no concerto do pasado sábado en Narón.

As entradas poden mercarse na plataforma Ticketea, a 14€ ou reducido. Ademais, o 28 de xaneiro ofrecerá outro concerto en Ourense (Teatro Principal), 11 de febreiro en Pontevedra (Pazo da Cultura) e 18 en Burela (Auditorio Municipal). Logo ofrecerá senllos concertos en Madrid e Bilbao.

'Opoñerse á extinción'

Nunca se foi, pero xa volve SES, rebotante de enerxía cun novo disco baixo o brazo. Chámase 'Opoñerse á extinción' e estará na rúa o 2 de decembro con once temas que arrecenden á cantora bergantiñana en cada

acorde.

'Opoñerse á extinción' é o cuarto álbum dunha SES que sigue sendo pura forza, conformismo e paixón. Nel segue a liña do seu inconfundible estilo que a levou a converterse na ar-



tista máis relevante do país nos últimos anos e nun auténtico fenómeno social que non deixa de medrar.

Ela mesma define así este seu cuarto disco: "O título 'Opoñerse á extinción' é a síntese da actitude que amosa o disco. A ho-

nestidade, a lucidez e tamén a rabia de sabernos en vías de desaparición inminente e inxusta, mais coa forza, o orgullo e o vitalismo de quen non asume o autoodio que tentan inculcarlle. Creo que é un traballo humilde, sincero e profundamente namorado da cultura á que pertence. É un disco de amor".

Este novo traballo continúa na liña dos dous discos anteriores, cunha onda ecléctica que vai do rock ao blues pasando pola canción de autor latinoamericana, pero atrevéndose desta volta con novas sonoridades e deixando máis espazo para a cantareira que hai no seu interior.

A SES compositora vai medrando e madurando, aínda que sigue a tratar os temas de sempre: o amor en todas as súas versións (inclúe unha canción dedicada á filla dunha das súas cantoras), sen esquecer un tema clave da súa personalidade como artista, a denuncia social.

GALERÍA DE HERNÁNDEZ

III Certame de Rondallas de Vigo

O Recinto Feiral de Vigo acolleu o domingo 8 de xaneiro o III Certame de Rondallas de Vigo co que o Concello quere "poñer en valor e manter a tradición" deste movemento musical e folclórico dun "valor excepcional", en palabras de Abel Caballero.

O rexedor sinalou que as rondallas son propias dunha zona concreta – Vigo, Mos, Gondomar, O Porriño-, e que axudaron a manter o folclore e a fusionar diferentes formas de entendela que implicaban a toda a parroquia que buscaban instrumentos musicais elaborados ou rudimenta-

rios cos que facían a música tanto das rondallas como dos Ranchos de Reis.

Nesta terceira edición participaron 13 rondallas: as viguesas CCAR Valladares, CC Helios de Bembrive, CSRC de Beade, CCV de Zamáns e CC de Freixo; tres de Mos: CC Santa Eulalia, CC de Herville e CC Santiaguiño de Guizán, dúas de Porriño: CC de Atios e AC de Pontellas; unha de Nigrán: CC Parada e dúas de Gondomar: a Nosa Merced de Chaín e CC de Vincios.

O certame está organizado e financiado por Concello, coa cooperación da Deputación de Pontevedra.



LOURIÑA

O Porriño

O BNG da de baixa no grupo municipal á concelleira Sabela Landín por falla de implicación e participación nos órganos internos.

Na rolda de prensa ofrecida onte, tanto o responsábel local, César Lourido, como o portavoz municipal, Pedro Pereira informaron sobre os motivos que levaron á organización nacionalista a presentar no Concello, o día 30 de decembro, un escrito solicitando a baixa no grupo municipal da concelleira Sabela Landín.

O responsábel local comentou en primeiro lugar que o Bloque Nacionalista Galego do Porriño elaborou para as eleccións municipais unha candidatura coa incorporación de persoas novas, co obxectivo de ampliar a pluralidade no debate, procurando a achega de novas propostas para dar resposta ás demandas sociais da veciñanza e pensando no futuro da organización. Nesa liña decidiuse a incorporación de Sabela Landín no posto nº 2, unha persoa independente, que adquiriu co BNG o

internos. Esta situación agrávase a partir de comezos do 2016, defraudando co seu comportamento á organización e en consecuencia ao electorado, xa que o BNG funciona dun xeito asembleario, favorecendo o debate colectivo e participativo para a elaboración das distintas iniciativas que se presentan no ámbito institucional. Unha mecánica de funcionamento moi necesaria, que sempre se deu”.

Ante a decisión tomada por Sabela Landín de non participar nos órganos internos do BNG, impedindo todos os intentos da organización de reconducir a situación, a Asemblea Local acorda por unanimidade solicitarlle a entrega da acta para que favorecese o lóxico relevo no grupo municipal.

Esta decisión foi posta en coñecemento dos órganos comarcais e nacionais. Unha vez



xido á Secretaría do Concello onde se indica que a concelleira Sabela Landín causa baixa no grupo municipal do BNG. A falla de implicación e participación no debate interno por parte de Sabela Landín dificulta a realización do traballo institucional que se lle esixe ao grupo. A nosa organización, obrigada polo mandato cidadán, debe actuar con responsabilidade e tratar de corrixir esta situación.

O portavoz do grupo municipal, Pedro Pereira, manifestou que ademais, nos últimos meses, iniciou a participación e colaboración co goberno municipal - para elaborar a proposta dun regulamento municipal- totalmente á marxe da dirección local do BNG. Este feito non é en absoluto defendible nin xustificable cando se concorre a unhas eleccións dentro dunha formación política que non está no goberno”, afirmou Pedro Pereira.

Ante estes feitos, alleos por completo á vontade do BNG, Pedro Pereira, en nome do Bloque Nacionalista Galego e do grupo

municipal, “pide desculpas públicas ao seu electorado e ao pobo do Porriño. Consideramos que o BNG como organización política sería e responsable crea unhas expectativas de traballo público e institucional que non poden verse truncadas por este tipo de decisións persoais dun cargo electo. O BNG fixo unha aposta de futuro coa incorporación de Sabela Landín que non saíu como nós esperabamos. Pero, de confirmarse finalmente que non quere ceder a súa acta de concelleira ao grupo polo que foi escollida para estar na corporación, que non caiba dúbida que o BNG vai seguir mantendo o seu ideario político no traballo institucional como fixo sempre”, asegurou.

O BNG seguirá traballado, somos unha organización política seria e responsable, que sempre tivo representación institucional no Porriño e abordaremos no ámbito institucional todos os temas de interese para O Porriño. O máis inmediato e importante é tratar os orzamentos municipais do ano 2017. Para iso é preciso

que o goberno cumpra o seu labor e traslade aos grupos da oposición unha proposta de orzamentos e achegue a documentación económica solicitada polo BNG, cousa que o goberno non fixo até agora. “Unha vez que o goberno local cumpra a súa parte e faga ese traballo, o BNG asistirá a todas as reunións necesarias para avanzar nos orzamentos e traballar polos acordos necesarios”.

En referencia ás declaracións da Alcaldesa solicitando unha reunión de ámbito privado co portavoz municipal do BNG para tratar distintos temas, Pedro Pereira manifestou que “non me vou reunir coa alcaldesa nun encontro privado porque non hai asuntos privados que tratar coa alcaldía. Todos os temas relativos ao funcionamento municipal son de ámbito institucional e de interese público, así que o BNG asistirá a aquelas reunións que se convoquen polas canles establecidas para a interlocución entre os distintos grupos da corporación”.



compromiso de acatar o seu ideario político e o seu código ético.

Despois de iniciada a lexislatura, explica Cesar Lourido, “a organización percibe que hai unha falla de implicación e participación da concelleira nos órganos

comunicada esta resolución e tendo coñecemento de que non vai proceder á entrega da acta, incumprindo así o código ético do BNG e o seu compromiso coa organización, o Consello Local acorda presentar un escrito diri-



O Porriño

Conectadas ao saneamento 14 vivendas máis de Budiño

A Concellería de Vías e Obras rematou os traballos que veñen de permitir a conexión á rede de saneamento a 14 vivendas da parroquia de Budiño. As obras, como sinalou o alcalde accidental do Porriño, Manuel Carrera, abranguen o treito que vai dende a “popularmente coñecida coma rotonda do PPI-7 ata a ponte sobre a estrada da Xunta, en A Devesa”.

Este proxecto, financiado polo Plan Concellos da Deputación de Pontevedra, supuxo un orzamento de 75.200€ e un mes de traballo do que so resta o pintado da estrada, que estará listo esta mesma semana.

Esta obra, ademais de espallar o saneamento para que chegue a veciñas e veciños do Porriño que ata o da gora non tiñan os seus fogares conectados ao mesmo, e de crear novas dúas derivacións



en dous camiños da mesma zona, deixa lista xa a futura conexión coa nova tubaxe- feita de material de fundición e acorada con brida metálica-que está na ponte e que permitirá a Augas de Galicia acometer, en pouco tempo, os traballos xa previstos no resto da parroquia.

Como subliña Manuel Carrera, este novo treito é un paso máis no plan do Goberno local de que os porriñeses, “vivan onde vivan, sexa a parroquia que sexa”, reciban os mesmos servizos, un obxectivo que seguirá adiante, “se cadra con máis intensidade aínda”, ao longo deste 2017.

Rematada a segunda fase da mellora da seguridade da vía sur de As Gándaras

A Concellería de Vías e Obras ven de rematar os traballos da segunda fase da Mellora de Seguridade da Vía Sur de As Gándaras, que vai deste parte do polígono industrial ata Orbenlle, na parroquia de Budiño.

Este proxecto, financiado polo ‘Plan de Obras e Servizos 2015’, da Deputación de Pontevedra, e iniciado cando Manuel Carrera ocupaba a Concellería de Vías e Obras na corporación anterior, abrangue actuacións, en máis de 3.500 metros cadrados, coma o asfaltado do trazado, a retirada de sumidoiros de auga, o aumento do ancho de 800 metros cadrados de beirarrúas, ao tempo que se lles facía un tratamento continuo de formigón colorado, unha obra accesoria de saneamento, e a colocación de cinco



novos puntos de luz por medio de outras tantas luminarias.

Como subliña Manuel Carrera, esta obra non so permitiu a mellora da seguridade, senón a recuperación dunha parte do Concello especialmente maltratada, que hoxe presenta un aspecto coidado logo do investimento de preto de 93.400 euros.



Concello do
Porriño

unha ollada diferente

LOURIÑA

O PORRIÑO

'Os Bolechas', coa promoción do concello do Porriño, editan un libro que conmemora o 50 aniversario do instituto Pino Manso

A concelleira de Educación, Lourdes Moure, e o director do IES Pino Mano, Juan Aguilar, presentaron o novo libro de 'Os Bolechas' adicado ao 50 aniversario do instituto, que o centro está a lembrar durante todo este curso 2016-2017.

'Os Bolechas van ao aniversario do Pino Manso' foi promovido polo Concello de O Porriño que, como salientou a concelleira de Educación, quixo facer deste xeito "unha homenaxe a un instituto no que estudaron, e estudamos, varias xeracións non so de porriñeses, senón de veciñas e veciños de Pontearreas, Tui, Salceda, Arbo, As Neves, Mondariz, mesmo A Cañiza".

O libro relata a experiencia de antigos profesores e estudantes do centro que fan un repaso ao

que aconteceu no mesmo dende súa apertura en 1966 e coma o seu desenrolo foi paralelo ao da economía, a poboación, o deporte ou a industria, de xeito que "pasou a formar parte da historia mesma de O Porriño e dos seus habitantes", engade Lourdes Moure.

Este 'cómic' de Os Bolechas, "que é único e representa unha novidade na produción editorial destes coñecidos personaxes", súmase aos actos, iniciativas e actividades que se están a programar para celebrar o medio século do Pino Manso, coma a exposición 'De viaxe polo tempo en tren', promovida tamén polo Concello e que está aberta na Biblioteca Municipal dende o pasado 16 de decembro e ata o 18 deste mes de xaneiro.



Rematada a reforma integral da rúa Pontevedra

A Concellería de Vías e Obras, que dirixe Manuel Carrera, ven de rematar a reforma total e humanización da rúa Pontevedra, un proxecto que puido facerse realidade logo da obtención dunha achega de 248.000€ procedente do Plan Hurbán, do Goberno de Galicia, por medio da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Manuel Carrera salienta a importancia dunha obra que supón a "mellora integral" dunha vía do centro de O Porriño, moi transitada e que, ademais de resultar perigosa para os peóns, estaba moi danada.

Os traballos "que supoñen un cambio radical na rúa Pontevedra", abranguen a separación das conducións de fecais e pluviais, coa creación de máis de 452 metros lineais de saneamento e outros tantos de pluviais; a humanización completa, co cambio de beirrúas de 2 metros de ancho; o soterramento das conducións de telefonía, auga e electricidade; a colocación de alumado led de baixo consumo en 11 luminarias novas- dende o mastro ata a farol- e a plantación de 15 árbores.

Manuel Carrera engade que, no mesmo barrio, está moi adiantado o proxecto para a transformación da rúa Coruña, onde xa se fixeron distintas obras de mellora. O tenente de alcalde subliña que o departamento de Vías e Obras está a traballar "sen descanso" para conquistar o investimento necesario para acometer a súa humanización qu, asegura, será unha realidade en pouco tempo.



O Porriño recibirá este ano máis dun millón de euros do Plan Concellos

A Deputación de Pontevedra achegaralles este ano 2017 un 3,76 % máis de recursos ao Concello do Porriño no marco do Plan Concellos. Deste xeito, este municipio da comarca viguesa recibirá un total de 1.052.165,16 €, 38.161,80 euros máis que en 2016, ano no que xa tivo un 33,8 % de incremento con respecto a 2015 (o que se traduciu en 256.078,46 € máis). Á marxe do Plan Concellos, O Porriño recibirá este ano outras axudas e subvencións, enmarcadas nas diferentes áreas de actividade da Deputación de Pontevedra, ás que o Concello poderá concorrer.

Durante 2016 a Deputación de Pontevedra destinou ao Porriño un total de 1.579.977,73 euros, dos cales 1.014.003,36 € correspondéronse co Plan Concellos 2016. Ademais, a institución provincial investiu 121.269,52 € en mobilidade, 99.819,19 € en cohesión social e xuventude, 34.270,50 € en cultura e lingua, 153.166,08 € para o fomento do emprego, 63.947 € para o impulso do deporte e outros 4.889,35 € para a igualdade entre mulleres e homes.

En materia de cooperación O Porriño tamén recibiu 30.221,93 €, no marco do PICEI 2016, para a mellora das instalacións do campo de fútbol do Carballo U. D.



Atios-O Porriño.

No que se refire ao Plan Concellos, a través da liña 1 invéstíronse 746.814,09 € para a rede de saneamento en Alvarín, o acondicionamento dun local para o arquivo municipal, o saneamento na Pereira e O Contrasto (Torreiros), a renovación de instalacións de iluminación exterior, a mellora das instalacións deportivas do C. F. Atios e o colector de saneamento no lugar da Igrexa (Pontellas). Ademais, 38.000 €, na liña 3, destinaranse á Escola Municipal de Música e ao apoio e reforzo escolar a menores en desvantaxe; e, grazas á liña 4, creáronse 30 postos de traballo nos servizos municipais, cun investimento de 228.150,60 €.

Á marxe do Plan Concellos 2016, O Porriño recibiu

34.270,50 € para o fomento da cultura e a lingua, con 23 actuacións do Pontegal e do Ano Castela, así como as axudas á rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural e as axudas á dinamización lingüística. Tamén se destinaron 99.819,19 € para cohesión social e xuventude, ben a través dos servizos sociais comunitarios e especializados, as axudas básicas de emerxencia e o servizo de teleasistencia domiciliaria (con 31 usuarios e usuarias) ou ben mediante os programas "En ruta coa Depo", "Depotermal", "Tecendo lazos", "Depo en marcha", "DepoRúarte" e "Depo Aventura A Lanzada", no que participaron 37 nenas e nenos do concello.

Así mesmo, O Porriño recibiu 63.947 € para o deporte federado

de base, a Copa de Fútbol Deputación de Pontevedra e diversas actividades deportivas, así como 40.091,52 € para o fomento do emprego a través dos plans de práctica laboral, que permiten que catro persoas estean a desenvolver a súa primeira experiencia laboral no Concello do Porriño. Tamén se achegaron 4.889,35 € para o fomento da igualdade, a través do programa "Conectadas 2016" e as axudas aos concellos de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a prevención da violencia machista; e outros 121.269,52 € en materia de mobilidade, en concreto para o Plan Móvese e as obras de sinalización horizontal nas vías provinciais.

O PORRIÑO

A Copa da Raíña de Balonmán xogarase, de novo, no Porriño

O Porriño será, por segundo ano consecutivo, sede da fase final da Copa da Raíña de Balonmán, competición que se xogará os días 28, 29 e 30 de abril. Finalmente, as negociacións entre o Goberno local, a Alcaldía, a Concellería de Deportes e distintas administracións e empresas privadas fixeron posible dispor do orzamento necesario para que a vila volva a ser sede desta competición.

O Departamento de Competicións da Real Federación Española de Balonmán confirmaba que a Copa volta a O Porriño, algo que, segundo indicou o concelleiro de Deportes, Manuel Carrera, supón unha satisfacción moi grande e amosa que en 2016 a Federación, os clubs participantes e o público quedaron satisfeitos coa organización.

Carrera felicítouse de que, finalmente, maila a que as negociacións se alongaron máis do agardado, fose posible que a Copa da Raíña se xogue na vila o cal suporá unha proxección moi importante para O Porriño a nivel nacional e, ao mesmo tempo, engadiu, unha responsabilidade posto que o obxectivo es mellorar o que se fixo o ano pasado.

O Goberno local está convencido de que encher día a día e partido a partido o Pavillón Municipal



na disputa da final da Copa en 2016 foi "esencial" para que as mellores xogadoras de balonmán do país regresen este 2017.

A xuízo de Manuel Carrera, "que a Copa da Raíña se dispute de novo aquí fará que O Porriño teña unha importante presenza nos medios de comunicación de toda España, que o deporte porriñés estea, outra vez máis, nun lugar de honra e que haxa unha considerable beneficio para a economía, en especial para o sector hostaleiro".

O sorteo da XXXVIII Copa da Raíña, no que estará, coma club local o Balonmán Porriño, por medio do seu primeiro equipo, o Godoy Maceira Porriño de la Liga Loterías de Balonmán Feminino, e o actual campión o Super Amara Bera Bera, se realizará o vindeiro día 9 na sede da Federación, e nela participarán os 6 gañadores da primeira fase, na que participan 12 clubs, entre eles o Mecalía Guardés que, de gañar a súa eliminatoria sería o segundo convinado galego na fase final.

Convocada folga indefinida en Alonarti Envases polo despido dun afiliado da CIG

A Confederación Intersindical Galega (CIG) informou de que o cadro de persoal de Alonarti Envases, empresa con sede no polígono de As Gándaras no Porriño dedicada á fabricación de envases para a industria farmacéutica e cosmética, vén de convocar folga indefinida polo "despido disciplinario dun afiliado da CIG".

A maioría dos empregados decidiron por maioría na asemblea celebrada o martes día apoiar o paro indefinido que dará comezo o vindeiro martes 17. Ademais, durante o paro realizaranse concentracións ás portas da empresa no

polígono porriñés das Gándaras durante os cambios de cada unha das tres quendas de traballo (6.30, 14.30 e 22.30 horas).

Dende a central denuncian que se trata "dun intento da dirección de amedrentar os empregados/as de cara á inminente negociación dun novo convenio colectivo".

A convocatoria do paro indefinido foi promovida polos representantes da CIG no comité de empresa de Alonarti Envases, integrado por sete delegados/as da central nacionalista e dous da UGT, sindicato que decidiu non sumarse á folga.





**PINTURAS
FERNANDO
MÍGUEZ**

Rúa Argentina, 11- Salceda de Caselas
☎ 886 115 548

Rúa Galicia, 5 - Salvaterra de Miño
☎ 986 658 529

WhatsApp: Móvil 645 316 524
pinturasfemandomiguez@hotmail.com



LOURIÑA

MOS

A alcaldesa de Mos anuncia que o mes que ven constituirase a Mesa do Camiño

Baixo a marca 'Mos, a Rosa do Camiño' aglutinará a representantes de administracións local e supramunicipais, empresariado e tecido asociativo; e terá unha unha periodicidade mensual

A alcaldesa de Mos e a concelleira de cultura mosense presentaron hoxe un novo ente local: a Mesa do Camiño, que anunciaron constituirase o vindeiro mes de febreiro baixo o paraguas da marca 'Mos, a Rosa do Camiño'. Quérese potenciar esta marca por ser a rosa o símbolo municipal representado na bandeira e o escudo locais, ademais do principal emblema cultural da localidade, coa Festa da Rosa á cabeza; celebración que foi declarada de Interese Turístico de Galicia fai dous anos.

A este respecto a rexedora municipal, declarou que "no Concello de Mos nunca esquecemos que

somos un municipio do Camiño e, sabedores de que ser paso do Camiño de Santiago é o noso principal activo cultural e turístico, poñemos o máximo empeño en coidar, mellorar e implementar dito activo, por iso constituímos esta Mesa de traballo que terá periodicidade mensual".

A Mesa do Camiño do Concello de Mos estará integrada por representantes da administración local mosense, da Fundación Pazo de Mos, das Asociacións Veciñais que se atopan no Camiño e que son Santa Baía de Mos, Santa Ana de Veigadaña e Chan

do Bosque; das empresas situadas tamén no Camiño de Santiago ao seu paso por Mos, Protección Civil, a Axencia de Turismo da Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento. A alcaldesa informou, así mesmo, que o Concello solicitará a estas dúas últimas administracións supramunicipais o nomeamento dun representante que participe nesta Mesa de traballo.

A Mesa do Camiño do Concello de Mos reunirse unha vez ao mes e os encontros iranase rotando mensualmente polos diferentes puntos do Camiño ao seu paso polo municipio.

A Rede de Asociacións de Mos e a súa ferramenta dixital xa son unha realidade



A mediados do pasado mes de novembro o Concello de Mos, representado neste caso pola súa alcaldesa, Nidia Arévalo, e polo concelleiro de Novas Tecnoloxías, Óscar Soto, convocaba ás directivas das asociacións do municipio para tratar de poñer en marcha un proxecto común de dixitalización para o tecido asociativo mosense. Pois ben, a día de hoxe o proxecto é unha realidade que conta cunha plataforma tecnolóxica dixital activa: o Facebook da Rede de Asociacións de Mos (RAM).

O proxecto piloto de innovación social Dixital Innovatic-Mos, inclúe a Fase de Formación e a Fase de Innovación Social Dixital, a través da que se creou o Facebook da Rede de Asociacións de Mos, RAM.

A Fase de Formación foi executada no 2016, e actualmente estase a iniciar a elaboración da programación do 2017. E a fase de Innovación Social Dixital iniciouse no mes de novembro e actualmente estanse incorporando progresivamente á plataforma as asociacións do municipio.

O obxectivo desta plataforma é que as asociacións mosenses teñan unha ferramenta común que poidan utilizar para dar difusión ás súas noticias, eventos e actividades, para que toda a poboación teña acceso a esta información, pero que tamén calquera persoa en calquera parte do mundo, poida ter acceso a ela.

O próximo luns, día 16 de xaneiro, de 18:00 a 20:00 horas, na Axencia de Colocación de Mos vaise a desenvolver unha sesión dirixida ás asociacións interesadas en incorporarse/asociarse ao Facebook da RAM (Rede de

Asociacións de Mos). O voluntario dixital do Concello, Antonio Pasaráin, axudará a todas aquelas asociacións que necesiten realizar algunha consulta sobre o Facebook da Rede e explicará como compartir noticias co Facebook da RAM, ou aquelas asociacións que non teñan Facebook e queiran abrir un, daralle as pautas pertinentes para facelo.

As agrupacións interesadas en asistir a esta reunión deben confirmar asistencia no correo electrónico da RAM: redeasociacionsmos@gmail.com

O Facebook da Rede de Asociacións de Mos, xa está dispoñible para calquera persoa que queira visibilizalo, e neste momento ten un alcance de 5.821 persoas (é dicir, persoas que lle deron a "me gusta", fixeron algún comentario, ou solicitaron amizade). Polo que, queda demostrado o alcance que pode acadar esta ferramenta, que está ao servizo do tecido asociativo e da cidadanía mosenses, podendo compartir e consultar todas aquelas noticias e actividades a desenvolver. Dende o departamento municipal de Novas Tecnoloxías que dirixe o edil Óscar Soto tamén se manterá activa diariamente esta ferramenta.

O que se pretende con esta iniciativa dende a administración local é a visibilización das entidades asociativas de Mos, que se fagan visibles, que se saiba que existen; e para iso son necesarias reunións coma esta de recopilación e intercambio de información. Así mesmo fomentárase a participación das entidades asociativas nas redes sociais, ao tratarse estas últimas das ferramentas dixitais con máis peso e presenza na actualidade.

VIGO

VIGO

Monólogo de Alberte Montes na Sala Icaro de Vigo



A viguesa Sala Ícaro, en Pintor Colmeiro, 3, ofrecenos este xoves día 19 ás 22.30 horas a actuación do monologista Alberte Montes. As entradas estarán a venda a cinco euros e incluírán unha consumición.

O actor e humorista galego que leva máis de 8 anos como monologista por salas de toda España, ten dous monólogos gravados en Comedy Central e prepara o terceiro para incorporar á canle temática a principios de 2017.

No terreo audiovisual participou nunha dúcia de curtametraxes, algunha delas premiada a nivel nacional ("20S") e recentemente nas longametraxes REC (4) e "El olivo" de Iciar Bollaín. Ten colaborado tamén en programas televisivos da produtora El Terrat como "Salvados", "Buenas noches y Buenafuente" ou "En el Aire" e noutros da TVG (Televisión de Galicia). Este verán gravou a súa primeira ficción televisiva para esta canle, "Augasquentes". Alberte encarna ao avogado Quique e a serie producida por Ficción Producciones estreouse en outubro de 2016.

Ten feito spots publicitarios como o da coñecida aplicación "Catarrator" para a marca Frenadol ou para a entidade ABANCA en varias ocasións durante o 2016.

SALCEDA DE CASELAS

O edificio da Cámara Agraria de Salceda xa é propiedade municipal

O Concello de Salceda de Caselas acaba de facer o Depósito do 25% no primeiro pagamento por un importe de 13.210,17€, tras pechar o acordo de compra do edificio da antiga Cámara Agraria coa Xunta de Galicia, que ata o de agora era a propiedade do inmoble.

As grandes ventaxas: coa propiedade municipal xa non se dependen de terceiros para a súa rehabilitación, e o máis importante é que os usos xa non van a estar limitados como ata agora (só de interese agrario).

Está situado no barrio de Altamira e o seu valor, segundo a Consellería de Facenda é de 52.840,67 euros, prezo polo que agora se vende ao Concello de Salceda de Caselas nun proceso de adxudicación directa. O paga-



mento realizarase a prazos, por un período de dez anos, cun interese do 3%.

O inmoble ten unha superficie de 137,50 metros cadrados, ocupa unha parcela de 256 metros cadrados e destinarase a usos socio-culturais ou educativos.

Foi desafectado de uso pú-

blico e cedido en uso ao Concello de Salceda de Caselas no ano 1997, por Decreto 303/1997, de 23 de Outubro, que establecía a cesión das distintas Cámaras Agrarias con destino "a fins e servizos de interese xeral agrario", por un período de dez anos, cesión que caducou no ano 2007.

O Grupo Popular presenta unha moción para a mellora da zona comercial da Tabernanova (Soutelo)

O Partido Popular de Salceda de Caselas, representado polo seu voceiro, Santiago Davila, e polo Concelleiro da parroquia anteriormente mencionada, Joaquín Núñez, ven de presentar por rexistro o pasado 16 de Decembro unha moción para debater no pleno que se celebra hoxe venres -ás 20:00 horas- sobre a situación na que se atopa a zona comercial da Tabernanova Madorro en Soutelo.

Este lugar, polo cal transcorre a estrada PO-411 Paramos-Salceda de Caselas é, dende fai moitos anos, unha zona comercial de referencia tanto para o noso Concello como para Concellos limítrofes.

A día de hoxe -e como podemos observar na fotografía- a zona atópase deteriorada e non conta coas infraestruturas precisas para desenrolar a súa actividade comercial.

Así pois, e coa colaboración



da Asociación de Comerciantes da Tabernanova, o Grupo Municipal do Partido Popular pretende que se contemple e proxecte a apertura de novos viais, execución e adecentamento de berirarrúas, saneamento e demais servizos necesarios para o correcto desenvolvemento das actividades económicas alí implantadas.

"Con dita moción pretendemos que a Corporación Municipal se posicione o respecto, e inste a executar as competencias municipais correspondentes para xestionar ante a Xunta de Galicia, Consorcio do Louro e a Deputación de Pontevedra as obras e servizos planificados" manifesta Santiago Rodríguez Davila, voceiro popular.

O Concello de Salceda contratará a trece persoas no 2017

O Concello de Salceda contratará, ao longo deste ano 2017, un total de 13 veciñas e veciños en situación de desemprego ao abeiro do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra. Garantindo a total transparencia e igualdade de oportunidades en todo o proceso, o Executivo Local fixo públicos os códigos das contratacións xa que, para poder acceder a un dos postos de traballo, as e os interesados terán que estar inscritos na Oficina de Emprego do Porriño co correspondente código do posto ao que queiran acceder.

As prazas que se ofertan, co seu correspondente código, son as de 1 animador/a socio-cultural (37 15 10 38), 1 orientador/a profesional para a inserción (26 24 10 23), 2 albaneis (72 21 10 15), 3 persoal de limpeza ou limpador/a en xeral (92 10 10 50), 2 podador/a e/ou motoserista profesional (64 10 140 31), 1 condutor de camiión en xeral (84 32 10 42), 1 empregado/a administrativo/a en xeral e

técnico/a administrativo/a en xeral (36 13 10 39). Segundo o previsto, os contratos irán dende o 1 de marzo ata o 31 de decembro de 2017.

A Concelleira de Formación e Emprego e primeira tenente de alcalde do Concello de Salceda, Lolí Castiñeira, sinalaba a importancia desta nova quenda de contratacións "que contribuirán a paliar a dura situación que viven moitos dos nosos veciños e veciñas que están en situación de desemprego".

Salientaba Castiñeira a importancia de "dar a maior publicidade posible" a estas ofertas para que, dese xeito, dixo, "ninguén quede excluído do proceso de selección". Difundir este tipo de programas de contratación "constitúe un claro exercicio de transparencia por parte do Goberno local e un estrito cumprimento dos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade que deben rexer en calquera proceso de contratación".



Citanía
Mobiliario & Descanso

Victoriano Pérez Vidal, 13 - Salceda de Caselas

Telf./ Fax : 986 34 06 06

www.facebook.com - info@citaniasalceda.com

www.citaniasalceda.com

VAL MIÑOR

BAIONA

A primeira hora é gratis no parking do Aral

Para acudir ao Concello, ao Centro de Saúde ou ao CEIP Covaterreña. Os veciños de Baiona xa aproveitan desde o luns, 9 de xaneiro, a entrada en vigor dos descontos no parking municipal do Aral e puideron desfrutar dunha hora gratis.

Aproveitando o regreso ás aulas dos escolares, o Concello de Baiona puxo en marcha este luns unha iniciativa para facilitar a mobilidade dos veciños no casco urbano. Situado xunto ao Centro de Saúde, dende o parking do Aral os desprazamentos ao o Concello, a Praza de Abastos, o Xulgado de Paz ou a Biblioteca Municipal poden completarse en apenas cinco minutos.

“Era un medida necesaria para que todos os veciños poidan estacionar sen custe durante o tempo necesario para deixar aos rapaces no colexio ou facer un recado, polo que esperamos que tamén poida beneficiarse o comercio local”, apuntou o alcalde, Ángel Rodal, ao mesmo día en que poñía en



marcha a medida.

A boa xestión do aparcamento, rescatado polo Concello en maio de 2015, permitiu que agora os baioneses poidan estacionar unha hora gratis de luns a venres (de 07:00 a 23:00 horas) ata o 15 de xuño.

A empresa Sofranda Gestao de Parques renunciara a xestión do parking alegando perdas pero o Concello de Baiona, tras un axuste de tarifas e gastos, logrou no primeiro exercicio completo un beneficio de 60.000 euros.

Un particular doa a biblioteca un exemplar centenario da obra lírica "A Virxe da Roca"

A Biblioteca de Baiona conta dende hai uns días cunha xoia máis nos seus andeis despois de que un coleccionista particular doase un exemplar único dunha obra centenaria e de gran importancia para a Vila.

Trátase dunha peza orixinal da obra “A Virxe da Roca. Apropósito lírico en tres cuartos e en verso”, escrita por José María Barreiro e con música de Ángel Rodulfo. Impresa en “La Nueva Prensa” de Vigo no ano 1910 cunha extensión de 30 páxinas, a obra teatral foi escrita en tres cadros e en verso, e foi estreada no Teatro Zorrilla de Baiona, xa desaparecido, un 18 de setembro de 1910.

Aquela estrea hai máis dun século foi en honor á Duquesa da Conquista, representante da Raíña Victoria no acto de colocación da primeira pedra do Monumento á Virxe da Roca. Esta publicación centenaria pasará a formar parte do nutrido Fondo Local co que

conta a Biblioteca Municipal de Baiona e que xa supera os 220 rexistros.

Foi Luís María Salgado Sáez, sobriño-bisneto de Laureano Salgado, o artífice da chegada da luz a Baiona, o que fixo a doazón á Biblioteca de Baiona. María Iglesias, concelleira de Cultura, valorou a achega feita polo veciño en favor da Vila. “Ven a completar o xa extenso arquivo municipal e supón unha gran contribución ao patrimonio baionés que agora estará a disposición de todos os veciños”, sinalou.

A Biblioteca está sendo sometida a unha profunda reforma para mellorar as instalacións pero durante o ano 2016 mantivo unha notable actividade aumentando o número de usuarios. En total, durante o ano pasado a Biblioteca Municipal fixo 8.329 préstamos, tivo 115 novos usuarios, 30.419 visitas, 9.165 conexións a wifi e 934 incorporacións ao catálogo.

GONDOMAR

O Plan Concellos da deputación destinará no 2017 preto dun millón de € a Gondomar, un 7,40% máis que no 2016, 4 puntos máis que a media provincial

O Plan da Deputación para 2017 achega unha media dun 3% máis de cartos aos concellos da provincia, sendo Gondomar, cunha subida de 65.000 euros, un dos máis beneficiados

A Deputación de Pontevedra achegará ó concello de Gondomar durante o 2017, no marco do Plan Concellos, 940.746,04€, 64.813,72 € máis que no 2016 o que supón un crecemento do 7,40% con respecto ó ano pasado, catro puntos máis que a media provincial. No 2016, Gondomar xa tivo un 24% de incremento respecto a 2015 (o que se traduciu en 169.275,79 € máis). Á marxe do Plan Concellos, Gondomar recibirá este ano outras axudas e subvencións, enmarcadas nas diferentes áreas de actividade da Deputación de Pontevedra, ás que o concello poderá concorrer.

Investimentos 2016

Ó longo do 2016 a Deputación

de Pontevedra investiu en Gondomar 1.318.843,36 €. En liñas xerais, desta contía, 875.932,32 € correspondéronse co Plan Concellos. Amais, a institución provincial investiu 101.657,72 € en mobilidade, 99.819,19€ en cohesión social e xuventude, 78.983,04 € en emprego, 52.944,61 € en cultura e lingua, 40.153 € en deportes, 3.557,40 € en igualdade e 3.000 € en medio ambiente.

En concreto, Gondomar investiu 624.675,30€ da liña 1 do Plan Concellos para obras de conservación e mantemento do material de cubrición do polideportivo municipal e do entorno do pavillón municipal; para a urbanización do espazo exterior do edificio administrativo do CDL e obras de instalacións complementarias; para o acondicionamento do parque da Coelleira; para o axardinamento de tres rotondas; para a pavimentación dos camiños públicos nº239 de Her-

villas e 245 de Rocha así como para a mellora de pavimentación, drenaxe e seguridade viaria no camiño de Carrasquedo de Abaixo. A través da liña 2, amortizacións, Gondomar destinou 25.310,38 € para o subministro de asfalto en frío necesario en varias actuacións de reparación de firmes; da liña 3, actividades, o concello investiu 28.971,46 € para a aula de teatro PritisGuomins, para o Gondoverán, para cursos e actividades destinadas a persoas maiores de 55 anos do concello, para a IV carreira a prol da corresponsabilidade así como para o Cinema na Rúa; e finalmente Gondomar dirixiu 196.974,58 € da liña 4, emprego, para a contratación de 19 persoas para a realización de tarefas no concello.

No caso do fomento da cultura e lingua, o concello recibiu 52.944,61 € da Deputación de Pontevedra a través dos cales se organizaron 78 actuacións do

Pontegal así como para a dinamización lingüística, para a sinalización e rehabilitación do patrimonio histórico e memoria histórica e para tres actividades enmarcadas no “Ano Castela”.

Tamén se destinaron 73.559,13 € para cohesión social e xuventude, ben a través dos servizos sociais comunitarios municipais, da teleasistencia domiciliaria (da que se beneficiaron 11 persoas) e das axudas básicas de emerxencia, ben mediante os programas “En Ruta coa Depo” (no que participaron tres asociacións), “Tecendo lazos”, “Depo en marcha” (2 cursos formativos) ou “Depo Aventura A Lanzada”, no que participaron 30 nenas e nenos do concello.

Do mesmo xeito, Gondomar recibiu 40.153 € para 16 clubs de deporte federado de base, para a participación en ligas e competicións oficiais, para que tres equipos participasen na Copa de fútbol Deputación de Pontevedra,

para o desenvolvemento de cinco actividades deportivas e para as escolas deportivas provinciais (dúas de balonmán, tres de fútbol, dúas de patinaxe, unha de judo e outra de baloncesto en Gondomar). Tamén 78.983,04 € destinados ó fomento do emprego a través do Plan de Práctica Laboral, que está a permitir que cinco persoas poidan desenvolver a súa primeira experiencia laboral no concello de Gondomar e outras tres en empresas da localidade, así como 3.557,40 € para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, a través do programa “Conectadas”, que organizou no concello catro cursos de formación.

Amais, a institución provincial achegou 101.657,72€ en materia de mobilidade para o Plan Móvese e para obras de sinalización horizontal nas vías provinciais de Gondomar, así como 3.000 € para o mantemento do campo de fútbol de Gaiandas.

As tres premiadas con 1.000€ na Campaña de Nadal reciben os seus cheques da man das empresas do Morrazo

Despois do agardado sorteo dos premios finais da Campaña de Nadal, celebrado este mércores 11 de xaneiro na sede de FECIMO, procedeuse á localización das tres gañadoras, pois este ano foron tres mulleres, para darlles a gran noticia: acababan de ser as gañadoras de 1000€ cada unha.

Na tarde do xoves procedeuse á entrega dos premios da man daqueles establecementos que lles deron a participación no sorteo. O premio materialízase en chequescompra para canxear exclusivamente nas empresas participantes na Campaña de Nadal, no prazo dun mes, ata o 11 de febreiro. Poderán gastalo todo nunha empresa ou repartilo entre varias segundo elas decidan.

Como exemplo, a premiada de Cangas informou á organización da posibilidade de canxear o seu premio por unha viaxe en familia, contratado nunha axencia local.

Tal como se explicaba nas bases da campaña, sacáronse ao azar tres premios entre todas as participacións rexistradas en www.compranomorrazo.com: un premio polas empresas de Bueu, outro polas de Cangas e outro polas de Moaña. As tres gañadoras competían dentro dese gran "bombo virtual" con outras preto de 50.000 participacións.

Estes tres premios poñen fin á

campaña que este ano levou por nome "O Morrazo enche o teu Nadal", e que repartiu máis de 6000€ en premios, repartidos en premios de 50, 100, 200 e 1000 euros a 54 persoas que nas datas do Nadal fixeron as súas compras na nosa comarca. Foi todo un éxito

de participación por parte do público, nesta campaña con 16 anos de historia na comarca.



A Mancomunidade do Morrazo desenvolverá unha campaña de concienciación ambiental

A Mancomunidade de Concellos do Morrazo desenvolverá este ano unha campaña de concienciación sobre a reciclaxe nos municipios de Bueu, Cangas e Moaña. Así o acordaron os representantes dos gobernos dos tres concellos na reunión que mantiveron na mañá deste venres co xerente da concesionaria do servizo do lixo, e a Asociación Amigos da Terra, redactora do proxecto.

Segundo expuxeron as representantes desta asociación con máis de dezanove anos de experiencia neste eido, o obxectivo da campaña é aumentar un 20% as porcentaxes de reciclaxe dos residuos orgánicos e de envases para 2020, para dar cumprimento aos obxectivos da Directiva Marco de Resíduos. Para iso levaranse a cabo unhas liñas de traballo que teñen como punteiro base a comunicación e difusión nas redes sociais e nunha web do proxecto, na que se ofrecerá asesoramento e solución de problemas en liña, dando un papel activo á cidadanía.



Ademais levaranse a cabo accións de rúa, mediante entrevistas a persoas de a pé nas que contén a súa experiencia coa reciclaxe, aproveitando sobre todo as efemérides ambientais.

Para levar a cabo esta redución de residuos é preciso que se diminúa a cantidade de resto orgánico, que se consegue coa compostaxe, área na que tamén se incidirá con esta campaña. Así, organizaríanse programas de compostaxe doméstica e comunitaria e se traballaría na modificación e/ou ordenanzas municipais a favor. Este aspecto veríase fondamente influído pola interac-

ción coa comunidade educativa, á que se lle facilitarían proxectos para traballar co alumnado neste campo.

No encontro estiveron Félix Juncal, alcalde de Bueu e presidente de quenda da Mancomunidade, Fidel Castro, concelleiro de obras e servizos de Bueu, Odilo Barreiro, edil de medio ambiente en Moaña, Marta Freire, concelleira de obras e servizos no municipio moañés, e Mercedes Giráldez, concelleira de obras e servizos de Cangas, ademais de representantes da asociación e da concesionaria do servizo do lixo.

Cangas presenta o seu manual de transparencia

A Lei 19/2013, de 9 de Decembro, "Lei de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno" (LTBG), prevé que información deben publicar as Administracións Públicas para o coñecemento da cidadanía, como poden pedir os cidadáns a información ás Administracións e cales son as regras de Bo Goberno que deben respectar os responsables públicos.

Desde a Concellaría de Participación Veciñal, Transparencia e Asociacionismo levouse a cabo a elaboración do Manual de Transparencia onde intentar explicar á cidadanía, dun xeito máis doado e accesible, o contido da "Ordenanza Reguladora da Transparencia, Acceso á Información Pública e Reutilización de Datos do Concello de Cangas", aprobada con carácter definitivo o pasado 1 de agosto de 2016 en sesión ordinaria do Pleno do Concello.

Este manual aborda temas como os obxectivos e trámites máis importantes que se contemplan, os medios e pasos a seguir coas solicitudes, os tempos e prazos de resposta, etc., facilitando deste xeito o uso da mesma. Calquera persoa que precise realizar solicitudes de información disporá dun formulario específico que poderá atoparse na nosa web e tamén no Rexistro Municipal, onde terá que ser entregado.

Trátase dun traballo elaborado integramente polo departamento de comunicación deste Concello baixo a supervisión da Concellaría de Participación Veciñal, Transparencia e Asociacionismo, desde a súa redacción ata o propio deseño. A veciñanza poderá atopalo a súa disposición nas diferentes dependencias municipais a partir do vindeiro luns 16 de xaneiro. Ademais poderá consultarse e descargarse gratuitamente na web do Concello.

BAIXO MIÑO

TUI

Máis de 54 mil persoas pasaron durante 2016 pola Oficina Municipal de Turismo de Tui

15.159 persoas que obtiveron a Compostela iniciaron o seu camiño en Tui, son 1.360 máis que en 2015.

Durante o ano 2016 un total de 54.466 persoas demandaron información turística na Oficina Municipal de Turismo de Tui, situada na praza de San Fernando, e no Punto de Información Turística, na praza da Inmaculada. O balance é moi positivo xa que case duplica a cifra rexistrada en 2015 con 28.082 consultas, cando o período de cómputo foi menor abrindo a oficina só de abril a decembro.

Do total de 54.466 persoas que se achegaron ata estes puntos de información 42.534 foron turistas e 11.932 foron peregrinos. Os meses de maior afluencia foron agosto con 16.019 consultas, xullo con 14.033 e setembro con 9.529. Estas cifras duplican as rexistradas no mesmo período de 2015 cando en agosto houbo 8.121 consultas, 6.902 en xullo e 3.556 en setembro. En canto a procedencia no turismo nacional rexístranse visitas de todas as comunidades autónomas, así coma de Ceuta e Melilla, destacando sobre todo a presenza de madrileños, barceloneses, valencianos e sevillanos. Mentres no interna-

cional houbo turistas de máis de 40 nacionalidades de todos os continentes, pero principalmente de Portugal, Alemaña, Francia e Italia, aínda que tamén doutros lugares coma Tailandia, Xapón, Lituania, ou Sudáfrica.

Cómpre destacar que en 2016 á Oficina Municipal de Turismo situada na praza de San Fernando, que abriu os doce meses do ano. E á mesma sumouse durante os meses estivais o Punto de Información Turística na praza da Inmaculada onde tanto turistas coma peregrinos demandan información sobre aloxamentos, qué visitar, lugares de interese...

No eido turístico cabe mencionar tamén a posta en marcha, xunto con Valença, do tren turístico da Eurocidade que realizou visitas entre as dúas cidades tanto no verán como no Nadal cunha moi boa acollida. Outra das iniciativas desenvolvidas foron as visitas guiadas gratuítas realizadas, por segundo ano consecutivo, entre xuño e decembro ao Tui Xudeu, coa visita por vez primeira á casa de Salomón, e ao Tui Medieval, con rotas específi-



cas tamén ao Tui Fidalgo, Escolar ou polas Cárceres do conxunto histórico. Nestas visitas participaron 4.090 persoas durante os 7 meses en que se celebraron.

Para levar a cabo a promoción da cidade xunto co Obradoiro de Emprego "Descubre Tui" editouse unha guía turística e varios folletos temáticos, e amais a cidade xunto Valença promocionouse nas feiras internacionais de FITUR en Madrid e BTL en Lisboa e na Feira Ibérica de Guarda.

O Camiño Portugués de Santiago rexistrou tamén un impor-

tante auxe ao longo de 2016, en concreto segundo os datos feitos públicos pola Oficina de Acollida do Peregrino, nos últimos doce meses 15.159 persoas que obtiveron a Compostela iniciaron o seu camiño en Tui, son 1.360 máis que en 2015. O maior número de peregrinos, 4.027, saíron de Tui en agosto, 3.108 en xullo e 2.501 en setembro. Os meses con menor partida de camiñantes dende Tui foron xaneiro con 61, febreiro con 77 e decembro con 129.

Dende o Concello de Tui nestes 2017 mantense a aposta polo

Turismo coma un dos principais polos de atracción da cidade quen de captar non so turistas nacionais senón tamén internacionais. Neste ano o contacto mantido a finais de 2016 cos consignatarios dos cruceiros de Vigo frutificará na presenza na cidade cruceiristas que recalan na cidade olívica ofrecéndolles a visita ao patrimonio arquitectónico, natural e cultural que atesoura a cidade. Manterase a aposta polas visitas guiadas xunto a novas iniciativas das que se irá dando conta.

Nº Reg. Sanitario E-36-000038

Óptica mahen

Senén Canido 4 - PONTEAREAS

Ópticos desde 1939

Corenta remeiros ingleses adestran en Tui durante unha semana

O alcalde, Enrique Cabaleiro González, xunto ao concelleiro de Deportes, Laureano Alonso Álvarez, e os edís, María José González e Jose Martínez Tato recibiron esta tarde no salón de sesións aos case 40 remeiros de Cambrigde que convidados polo Club Remo do Miño de Tui Seta adestran estes días en augas do Miño.

O alcalde deulles a benvida á esta histórica cidade explicándolles que o Miño é unha das xoias naturais do municipio e dándolles conta da condición transfronteiriza da cidade. Unha singularidade que permite ter estreitas relacións co Municipio De Valença en distintos ámbitos entre

eles o deportivo. Desexoulles unha feliz estancia orgulloso de poder acoller no municipio a deportistas estranxeiros, que dicía, agarda promocionen no seu país as bondades e excelencias desta terra. Animou o rexedor a que se sigan producindo este tipo de intercambios moi importantes, sinalou, para o desenvolvemento dos pobos. Rematou agardando que os remeiros tuidenses teñan tamén a oportunidade de realizar tamén este intercambio.

O adestrador inglés destacou que nunca reali-



zaran un campamento nun lugar cunhas condicións coma as que reúne Tui, salientando o positivo da experiencia. Dende o First and Third, Trinity College Boat Club

da Cambridge University agradeceron a acollida que están a ter na cidade por parte do Club Remo do Miño e a recepción no Concello.

A delegación de Cam-

bridge chegou a Tui o pasado venres día 6 e permanecerá na cidade ata este sábado, 14 de xaneiro, realizando tres adestramentos diarios no Miño.

O Concello de Tui inviste máis de 50 mil euros en obras de mantemento nos centros educativos

O Concello de Tui ten investido ao longo deste ano 2016 máis de 50 mil euros de fondos propios en obras de mantemento nos diferentes centros educativos do municipio apostando así polo coidado ao longo do ano dos colexios para que estean en boas condicións pese aos moitos anos que teñen todos os edificios escolares.

Ao investimento propio hai que sumar as achegas da Deputación de Pontevedra, a través do Plan Concello, que están arestora en licitación coma a remodelación do patio do CEIP de Randufe e o novo comedor escolar para o CEIP nº2.

O Concello de Tui repara a rede de saneamento nas instalacións deportivas Álvarez Durán

Operarios municipais traballan estes días na reparación da rede de saneamento nas instalacións deportivas Álvarez Durán para eliminar o problema de filtracións que se tiña producido e que tiñan afectado á unha traída veciñal.

Segundo explica o concelleiro de Deportes, Laureano Alonso, tras a denuncia presentada por uns veciños que detectaron problemas de contaminación na súa traída dende o Concello buscaron a posible orixe do problema. Logo de revisar a rede de saneamento das instalacións municipais, que conta con moitos anos de antigüidade, detectaron que parte da mesma estaba taponada, atopando

unha das tubaxes selada con poliuretano e no interior doutra unha botella de cristal, coa que os vertidos se acumulaban e ao ser a tubaxe de cemento filtrábanse os restos cara a terra e dende aí posiblemente chegaban ata o manancial afectado.

Para solucionar o problema operarios municipais constrúen unha nova



arqueta e nos próximos días unha empresa especializada levará a cabo a impermeabilización da tubaxe de cemento para evitar que se volva rexistrar filtracións no futuro.

DONILO
estilismo propio
C/ Casal Abalo 10-11 - 15700 Tui - T: 0034 - 906 603 004

PROMOCIONES

- CORTE Y PINCE: **21⁵⁰€**
- CORTE Y PINCE: **18€**
- CORTE Y PINCE: **35€**
- UNAS DE GEL: **25€**
- CORTE Y SECADO: **12⁰⁰€**
- CORTE Y SECADO: **49⁵⁰€**
- CORTE Y SECADO: **5⁰⁰€**
- CORTE Y SECADO: **9⁰⁰€**
- CORTE Y SECADO: **5⁵⁰€**
- CORTE Y SECADO: **6⁵⁰€**
- VERNIZ: **10€**

Cafe - Bar SOEIRAS

Tel.: 986 601 796

Pontevedra 106 - Gullanes 34700 - Tui (Pontevedra)

A Taberna Tui

TODOS LOS JUEVES CALLOS E PULPO
A FEIRA PARA COMER O PARA LLEVAR.
TAPAS DE OREJA, ZORZA, ETC...

C/ MARISTAS, 26-TUI TL: 635 612 114

BAIXO MIÑO

TOMIÑO

Tomiño acada financiación autonómica e europea para controlar a flora exótica invasora na ribeira do Miño

Desde hai varios anos, o goberno municipal de Tomiño ten adoptado unha política de recuperación e posta en valor da ribeira do Miño, exemplarizada tanto na restauración e recuperación da Fortaleza de San Lourenzo en Goián, coma na habilitación de sendas peonís, na dotación de paneis e sinalización de carácter interpretativo, ou mesmo na realización dun estudo da biodiversidade de boa parte da área protexida.

Debido ó risco que as plantas invasoras representan para os ecosistemas naturais, no ano 2016 a Concellalía de Medio Ambiente do Concello de Tomiño presentou un proxecto de inicio

de erradicación e control de invasoras dentro dunha convocatoria para Concellos con Zonas de Especial Conservación (ZEC) dentro da Rede Natura 2000. O proxecto foi finalmente aprobado, e financiado pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, con cofinanciamento do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

O obxectivo é intervir nunha zona de 9 km ó longo do río Miño entre o Espazo Fortaleza e Carregal, o 60% do espazo de ribeira do Miño do Concello, pois trátase do segundo espazo natural de Galicia con maior número de invasoras.

Concretamente, nun estudo

previo sobre caracterización e valoración da biodiversidade neste tramo, detectáronse 35 especies de plantas exóticas invasoras e 13 potencialmente invasoras, concentradas sobre terreos agrícolas pero tamén no medio natural.

A finais do ano 2016, realizouse a primeira fase de eliminación de flora exótica invasora na ribeira do Miño. As actuacións consistiron fundamentalmente na eliminación de exemplares de diversos tipos de acacias e robinias. No ano 2017 continuarán as actua-



cións con máis intensidade, para o cal se procederá á contratación

de persoal desempregado de Tomiño.

A Asociación de persoas con discapacidade “Vontade” merca un transporte adaptado para axudar ás familias necesitadas

A Asociación de persoas con discapacidade “Vontade”, fixo entrega dunha cesta de Nadal moi especial. Valorada en máis de 1000 euros, a cesta era o premio da campaña levada a cabo coa venta de 10.000 rifas, co fin de recadar o diñeiro necesario para mercar un vehículo que se poida prestar, por quendas, ás diferentes familias afectadas pola mobilidade reducida de algún dos seus membros, de maneira que estas teñan unha independencia de movemento para facer trámites, ir ao médico, á compra, pasear, etc.

Jose Manuel Pereira Pereira (Nel) será o primeiro beneficiario do vehículo adaptado, cuxa adquisición fíxose efectiva tras a finalización das vendas das rifas.

A ganadora da cesta foi Mercedes Domínguez Rodríguez (Chela), e o propio Nel foi quen fixo a entrega do premio, que inclúe, ademais dos produtos típicos de Nadal, un fin de semana nun apartamento rural de Ribadeo.

A Asociación para persoas con discapacidade “Vontade”, puxo en marcha hai uns meses, coa colaboración do Concello de Tomiño, o proxecto denominado



“AUTO NOMÍA”, co obxectivo de fomentar a independencia e a integración social das persoas con problemas de mobilidade. Concretamente, trátase de prestar un transporte adaptado a familias que carecen de recursos para comprar un vehículo destas características.

Por outra banda, o proxecto contempla actividades de concienciación sobre a ELA (Esclerose lateral amiotrófica), doenza neurolóxica crónica e dexenerativa, que vai diminuindo a mobilidade, provocando debilidadade e atrofia muscular nas persoas que a padecen (varias na asociación).

Están programadas, polo mesmo, charlas e outras accións de sensibilización sobre a necesidade de ampliar a investigación sobre esta doenza, sen cura até agora.

A asociación Vontade, con sede en Tomiño, ten na actualidade perto de 200 socios con algunha discapacidade física ou mental (do Baixo Miño e concellos limítrofes).

So en Tomiño hai unhas 1000 persoas con discapacidade; na Comarca do Baixo Miño máis de 6.000, e un 10% delas, padecen algunha doenza que os discapacita.

Unha trintena de tomiñeses busca emprego, despois de rematar estudos de xestión administrativa e mantemento de xardíns

Trinta persoas desempregadas de Tomiño recolleron hoxe o seu diploma dos cursos do plan AFD, organizados polo Concello durante o último semestre de 2016, co apoio da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

A alcaldesa de Tomiño, Sandra González, acompañada polo concelleiro de Promoción Económica, Antonio Tartaglione, fixo entrega no Concello dos certificados que habilitan ás persoas a exercer coma empregados en xestión administrativa ou en instalacións de mantemento de xardíns; materias nas que se formaron durante 898 e 508 horas, respectivamente.

Na oportunidade, ademais de entregar os diplomas ás persoas que superaron os cursos, se lles

explicou o trámite para a obtención do certificado de profesionalidade, ao que tamén da dereito esta acción formativa.

O Departamento de Desenvolvemento Local do Concello de Tomiño, informou que algunhas das persoas que fixeron os cursos, xa están contratadas en empresas da zona. As demais, comezarán agora un período de busca intensiva de traballo polas empresas do municipio e comarca.

A alcaldesa de Tomiño, salientou a importancia da preparación adquirida durante os cursos e desexou moita sorte a todas e todos os presentes na súa busca e incorporación ao mercado laboral, ofrecendo ao mesmo tempo o apoio dos servizos municipais de emprego.



A GUARDA

Rematadas as obras de mellora do tramo pendente do sendeiro azul

As obras consistiron na mellora e reposición do firme do sendeiro azul existente, no seu percorrido costeiro, froito do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello da Guarda. En concreto, o tramo mellorado é o que abandona o tramo portuario e percorre a parte baixa do barrio de Solanas ata atoparse cunha parte adoquinada que enlaza coa pasarela que leva á praia de Area Grande.

Na actuación deste tramo do sendeiro azul, especialmente destacado pola ampla cantidade de sendeiristas que a percorren e pola existencia dun elemento



etnográfico subliñable como é unha das Cetáreas da zona, realizouse unha obra cun custo que ascendeu aos 16.666,66€.

Remátase así o tramo pendente do sendeiro azul que une as praias con bandeira azul da Area Grande e o Muíño, queda pendente agora mellorar a sinalización e dotar de mobiliario á senda.

O Concello acolle a exposición dos gañadores do X Certame Viaxando ata o 31 de xaneiro

A OMIX da Guarda informa que dende esta segunda semana de xaneiro o edificio do Concello da Guarda alberga a exposición formada polas fotografías participantes no 10º certame fotográfico Viaxando. Este é un concurso

organizado polas OMIX da Guarda, O Rosal, Tomiño, Baiona, Gondomar, Salceda de Caselas, Porriño e pola Casa de Xuventude de Tui no que participan mozos e mozas de distintos puntos da xeografía galega e do que este ano resultou gañadora unha moza da Guarda.

A exposición poderá ser visi-



tada no concello ata o 31 de xaneiro de 2017, polo que se anima a tódolos veciños e veciñas a desfrutar destas impresionantes obras e en especial da fotografía gañadora: "La frontera entre el cielo y la tierra", da guardesa Cristina Araujo Acevedo.

Esgotadas as citas para renovar o DNI na Guarda no trimestre

O pasado 20 de decembro de 2016 abriuse o prazo para que os veciños e veciñas da vila solicitasen cita para a renovación do DNI nos meses de xaneiro, febreiro e marzo deste ano 2017.

Debido á alta demanda, dende o concello da Guarda infórmase que as citas que había dispoñibles para renovar o DNI nos tres primeiros meses do ano na Guarda esgotáronse este luns 9 de xaneiro.

Cando se coñezan as vindeiras datas de apertura do prazo para solicitar as citas para renovar o DNI nos seguintes meses comunicárase a través da páxina web do concello ww.aguarda.es.

O Clube de Xubilados atopa nova Xunta Directiva

O alcalde da Guarda, Antonio Lomba, e a concelleira de Servizos Sociais, Tere Vicente, mantiveron unha reunión no local do Clube da 3ª Idade para dar a benvinda á súa nova directiva.

Tras varios meses de incertidume, na que os membros do

Club do Xubilado dubidaban da continuidade do mesmo ante a falta de directiva nin perspectivas de que alguén se fixera cargo do club, a finais de novembro reuníronse no concello co alcalde e a concelleira. Neste encontro lles transmitiron a súa preocupa-

ción pola situación, unha preocupación compartida dende o concello. Por iso, o concello en colaboración cos membros do Club anunciaron esta a situación ós medios de comunicación, que se fixeron eco do problema.

Afortunadamente, nestes últimos días apareceu un grupo de persoas dispostas a facerse cargo do Club e de presentarse á vindeira Asemblea para ser constituídos como Directiva do Club de Xubilados.



BAIXO MIÑO

A GUARDA

A Guarda estará presente na 37ª edición de FITUR

Un ano máis, o Concello da Guarda estará presente na Feria Internacional de Turismo de Madrid (FITUR) que este ano celebra, do 18 ao 22 de xaneiro, a súa 37ª edición.

A Guarda promocionarase no stand de Turismo de Galicia; e a súa participación será destacada como consecuencia da elección este ano, por parte de Turismo Rías Baixas, do Camiño Portugués da Costa como produto turístico para promocionar en FITUR. Este será presentado como tal o xoves ás 12 horas da mañá.

Así, A Guarda terá un protagonismo especial por ser a primeira vila galega da que parte esta ruta do Camiño de Santiago.

Durante estas xornadas a Delegación da Guarda, formada polo alcalde, Antonio Lomba, a conce-



lleira de Turismo, Montse Magallanes e o concelleiro de Patrimonio, Javier Crespo, manterá diversas reunións con maioristas e asociacións de turismo para potenciar a promoción da Guarda como destino turístico.

Ademais, a técnico de Turismo da Guarda, Rosalía Verde, asistirá á reunión anual no stand de TurEspaña cos destinos EDEN (European Destinations of Excellence) para por en marcha os diferentes proxectos e accións para os próximos dous anos.

Uns 450 escolares visitaron á exposición “Enerxía, auga e máquinas”

Alumnas e alumnos de todos os colexios de primaria da Guarda acudiron este mércores e xoves, 11 e 12 de xaneiro, a visitar a mostra “Enerxía, auga e máquinas”. En total foron arredor de 450 nenos e nenas os que asistiron ás visita guiadas por Carlos Javier Álvarez Fernández, autor das maquetas alí dispostas.

Nesta mostra, que estivo no Centro Cultural da Guarda do 29 de decembro ó 12 de xaneiro, puideron desfrutar dunha exposición que destaca polo seu marcado carácter didáctico e que busca amosar a importancia da auga como elemento clave na


realización de moitos traballos a través de máquinas deseñadas para que se puidera aproveitar esa enerxía. Entre estas máquinas creadas para aproveitar a enerxía da auga atópase a tradicional roda hidráulica ou as norias.

A exposición contou con dez paneis explicativos e tres máquinas construídas en madeira: dúas rodas hidráulicas e unha noria que sube auga para trasladala mediante un sistema de canais. Ademais, había diferentes mecanismos de transmisión do movemento da roda aos elementos de traballo: engranaxes, levas e sistemas de poleas e correas.



A Biblioteca premia aos mellores lectores do 2016

O día 11 de xaneiro celebrouse o Día do Usuario e Usaria das Bibliotecas e dende a Biblioteca Pública Municipal da Guarda quíxose conmemorar ese día agasallando aos tres mellores lectores da Biblioteca no ano 2016 cun lote de libros. Por categorías, os gañadores foron, en categoría infantil: Uxía González Álvarez, xuvenil: Pablo Martínez Da Silva e en adulto: Gloria Inés Vázquez Castro.



Luis Oliveira pintor de Tomiño

por Manuel Estévez

De Goian xa se ten dito que é o lugar que ten mais artistas por quilómetro cuadrado e todo este mundo da plástica xiraría arredor do inolvidable Antonio Fernández.

No taller de Xoán Pinheiro, aquel escultor que chegara o Baixo Minho, desde o mar de Cangas, forxáronse figuras da talla de Siverio Rivas, Antúnez Pousa, Magin Picallo, Xosé Alvarez, entre outros e no estudio do pintor que mellor plasmou as paisaxes do triángulo sur de Galicia, formouse outro dos grandes deste triángulo sur galaico, Xavier Pousa.

Con este último, atopábase de cuando en vez, nos campos goianeses, o xóven coterráneo, Oliveira, que tamen saía co seu cabaleta para atrapar algún que outro recoveco do val, recibindo consellos do pintor das mimosas.

Luis Lago Oliveira, nado no Barrio goianes de A Carballeira, admirador de Vicent Van Gogh, desde neno, sentiu inclinación pola pintura, destacando no Colexio Público, nesta matéria.

No 1989 desplázase a Valen-

cia por motivos laborables e no Levante, descobre o escultor Vicente Pallardó, mestre que o anima a seguir traballando, contando coa súa axuda, ademais de visitar con frecuencia a Casa Sorolla, os domingos.

No 1992 regresa a Galicia para continuar estudiando, primeiro con Alicia Alonso en A Guarda e mais tarde, no seu natal Goian, da man da profesora, Eulalia Jackson.

Na Casa da Cultura de Tomiño participa por primeira vez en 1997 nunha exposición colectiva, proseguindo no 1998, 1999, 2002 e 2004 no mesmo espazo cultural, xunto con outros pintores da zona.

Igualmente presenta obras nas Festas da Fiasta, 1998 e 1999; Virxe das Dores (Guillarei-Tui) 1999; Centro Goianes, 1999 e 2000; Artistas do Alto Minho e Galiza, Vila Nova de Cerveira (Portugal), 2004 e individualmente no Casino de Tomiño, 2000; O Castillo (A Guarda) 2001; Salón "O Telleiro" 2005; 3º Aniversario "Casa Rousseau", Paramos-Tui e Centro Cultural de Estás, 2006.

No Santuario de San Campio



de Figueiró, están patentes, o retrato de don Xosé Luis Portela Trigo; do que fora autor del Himno a San Campio, o obispo Lago e un cadro da

igreja, saídas do seu taller de Soutelo.

Unha serie de paleiros, campás, oficios do campo, paisaxes, entre outros pode-

rán ollarse nos próximos meses nas Salas de Exposicións de Liceo Casino de Ourense e no Ateneo Santa Cecilia de Marín.

HUMOR

Por FELIX



NOVAS DA RAIA

Lampreia do rio Minho à mesa de 14 restaurantes de Cerveira durante três meses

Em todos os fins-de-semana, de 15 de janeiro a 15 abril, os restaurantes do Vale do Minho apresentam os mais saborosos e aguardados pratos de Lampreia do rio Minho. Trata-se da 8ª edição da 'Lampreia do rio Minho – Um Prato de Excelência' que, este ano, é alargada a três meses, e à qual o Município de Vila Nova de Cerveira se associa, uma vez mais, com gastronomia em 14 restaurantes aderentes e muita animação.

Promovido pela ADRIMINHO, em parceria com os seis municípios do Vale do Minho e com o apoio do Turismo do Porto e Norte de Portugal, o objetivo deste certame gastronómico é dar maior visibilidade aos pratos tradicionais, em particular valorizar a lampreia do Rio Minho enquanto recurso endógeno, assim como promover as potencialidades naturais e patrimoniais de cada concelho, através do envolvimento das populações em torno desta estratégia territorial.

Por Vila Nova de Cerveira, a partir deste domingo e até meados de abril, é possível degustar esta especialidade única e de



qualidade em 14 restaurantes, nomeadamente, Abrigo das Andorinhas, Adega Real, Boega – O Peregrino, Braseirão do Minho, Cantinho dos Amigos, Casa Lau, Central, Costa Verde, D. Maria, Glutão, Lavrador, Luso-Galaico, Sol Nascente e Telheiro.

Além da lampreia confecionada das mais variadas formas, quem visitar a 'Vila das Artes' pode ainda usufruir de uma panóplia de atividades que o Município promove para atrair cada vez mais visitantes, bem como para dinamizar a economia local.

Desta forma, em janeiro destaca-se já para este fim-de-semana o VIII Cantar as Janeiras; em fevereiro, o Intercâmbio Cultural de Dança (dias 24 a 27) e o Cortejo de Carnaval das Escolas (dia 24); em Março mais uma edição dos ETC... Encontros de Teatro (dias 4, 11, 18 e 25); e em abril, a programação da Semana Santa (de 9 a 17), especificamente a Queima de Judas (dia 15), mas também a Festa do Livro e da Leitura, além de exposições diversas, das sugestões do turismo ativo e as visitas a museus.

Encontros Poliorcéticos en Cerveira

Recentemente nomeada para membro da Área de Património dentro do Conselho da Cultura Galega, assim como Investigadora Pós-graduada da Universidade de Santiago de Compostela na Unidade de Arqueologia da Universidade do Minho, estará presente nos Encontros Poliorcéticos de Cerveira, o dia 20 deste mês pelas 18,00 horas, na sua Biblioteca Municipal.

O convite fai-se extensivo aos cerveirenses, aos vizinhos e a toda a edilidade minhota, nas margens esquerda e direita do nosso rio e a montante e jusante dele. Estes Encontros visam coordenar desde o debate e desde a intervenção a gestom castellologica no seu todo, estabelecendo linhas colaborativas com as diferentes administrações e tentando ultrapassar os tempos mortos sazonais, a diacronização atual e a previsível estagnação, passí-

vel de ser conferido no espaço minhoto. Todavia, as inércias derivadas deste tipo de iniciativas, nom necessariamente oficiais, poderám ser eventualmente mais um entrave para o sucesso.

A Doutora Dª Rebeca Blanco Rotea dissertará sobre a "Valorização das fortificações Transfronteiriças galegas e o rio Minho como eixo vertebrador". Da mesma maneira, José Buiza Badás falará sobre "Presente e futuro de alguns espaços poliorcéticos no Minho". Espera-se contudo um debate e um trocar de dúvidas e perguntas na parte final do acto.

Os Encontros Poliorcéticos trazem umha rama da ciência



patrimonial associada ao turismo militar e à interpretação objectiva e neutra dos fenómenos bélicos que por todo o mundo ponteiavam. Contém um variado leque de atividades ligadas à paz, à dissuasão à diplomacia e ao entendimento entre os povos.

Palankalama abre programação do Valadares, teatro municipal de Caminha

Em 2017 a

programação do Valadares, Teatro Municipal vai ser de elevada qualidade. Da música ao teatro, são muitos os espetáculos que vão passar pelo palco deste



espaço cultural. O quarteto portuense Palankalama vai abrir a programação de 2017, no dia 21 de janeiro, pelas 22H00. Em fevereiro os destaques são: "Cordes Out" de Rui Sinel de Cordes, "O último a rir é o que ri melhor" e o Baile do Assalto.

Palankalama é um quarteto dedicado à música instrumental. As suas composições baseiam-se na música tradicional/folk de diversas regiões e imaginários. Cada música é uma procura de um cenário onde se desenvolve um argumento. Recorrendo à energia do rock, a narrativa é traçada pelos quatro elementos da banda, numa busca de lugares de "ficção".

Em palco estarão: Pedro João (bandolim, cavaquinho, guitarra); José Ricardo Nogueira (guitarra); Anibal Beirão (contrabaixo) e Rui Guerreiro (bateria, percussão).

No Valadares vai ser possível ouvir músicas como Esmeralda, Grafite, A Sina da Vaca, Baile Psicológico, O Génio da Morte, entre muitas outras.

O preço do bilhete é 3 euros e estão disponíveis nas lojas de Turismo de Caminha e de Vila Praia de Âncora e no próprio dia no local do espetáculo.

Rui Sinel de Cordes para ver em fevereiro

Rui Sinel de Cordes está de regresso ao Valadares no dia 10 de fevereiro, pelas 22H00, com o espetáculo "Cordes, Out!".

"Cordes, Out" é o novo

solo de stand-up comedy de Rui Sinel de Cordes, o quinto e último em Portugal, antes de levar o seu humor para o Reino Unido. Out fala da vida, dos sonhos, mas acima de tudo da morte - ou pelo menos do Inferno que atravessamos até lá chegar. Neste momento isto não parece um espetáculo muito engraçado, mas estamos a falar de Sinel de Cordes, um especialista em transformar tragédias em gargalhadas. Afinal, cada exibição de "Cordes, Out!" será uma festa de despedida e de festas percebe ele".

Os bilhetes custam 12 euros e já se encontram à venda em <https://ticketline.sapo.pt/evento/cordes-out-17010> e nos Postos de Turismo de Caminha e de Vila Praia de Âncora.

No dia 24 de fevereiro, os alunos da expressão dramática da Universidade Sénior do Rotary Clube de Caminha vão apresentar a Farsa de Mestre Pathelin "O último a rir é o que ri melhor", com tradução de Mário Barradas e adaptação de Fernando Borlido.

Em fevereiro, o Valadares fecha com o afamado Baile do Assalto, um baile que marcou gerações e continua a ser uma das atrações da programação de Carnaval. São muitos os foliões caminhenses e de outras cidades da região norte que não dispensam o afamado Baile.

O Baile do Assalto é organizado pelos Comerciantes de Caminha e conta com o apoio da Câmara Municipal.

A Xunta pon en valor o servizo Eures Galicia-Norte de Portugal como "peza clave" para acadar un mercado de emprego máis accesible



O director xeral de Orientación e Promoción Laboral, Alfonso Marnotes, clausurou o venres día 13 en Tui a xuntanza do Consello Sindical Interrexional Galicia-Norte de Portugal no que se renovou a presidencia, onde puxo en valor o Servizo Eures Transfronteirizo, do que a Xunta é socio, como "peza clave" para acadar un mercado de emprego máis accesible.

Marnotes explicou que este servizo, entre outras vantaxes, favorece o intercambio de ofertas e demandas de emprego entre os traballadores da rexión transfronteiriza e salien-

tou a importancia de incrementar a cooperación e labor que xa se está realizando entre as oficinas de emprego da Eurorrexión para aumentar as oportunidades laborais das persoas sen emprego. Sinalou que, entre as actuacións que desenvolve o Servizo Eures, resaltan o intercambio de información sobre o mercado laboral de cada zona como é sobre prácticas profesionais e de aprendizaxe ou sobre as condicións de vida e de traballo e as oportunidades para a adquisición de competencias.

O responsable de Orientación resaltou que a Xunta, a través da Axenda

20 para o Emprego, traballa na modernización do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) para que sexa máis próximo as persoas usuarias, sexan demandantes de emprego, ou sexan empresas que buscan un traballador, e na elaboración dun plan de actuación para que os 485 orientadores laborais que hai en Galicia funcionen en rede, cun mesmo "modelo de servizo". Para levar a cabo estas actuacións, investirá un total de 21,9M€.

Neste último ámbito, sinalou a importancia de desenvolver un novo modelo de orientación laboral aberta para personalizar e

reforzar estes servizos apostando por un sistema de xestión de calidade e mellora continua e coa creación dun novo portal, máis orientado aos servizos.

En definitiva, do que se trata, segundo sinalou Marnotes, é "de seguir traballando para incrementar as oportunidades laborais dos galegos e galegas e avanzar nos obxectivos que compartimos entre Galicia e o Norte de Portugal". "A meta do Goberno galego é mellorar o funcionamento do mercado laboral transfronteirizo para ofrecer novas e mellores oportunidades aos nosos traballadores".

Aberto o prazo ata o 1 de febreiro para que grupos e artistas da provincia de Pontevedra soliciten a inscrición no programa PONTEGAL

A Deputación, no seu afán de impulsar e fomentar a cultura popular en lingua galega nas múltiples e variadas expresións artísticas e en colaboración cos concellos, as agrupacións, as entidades e as asociacións culturais, pon en marcha o Pontegal 2017. A través deste Plan retribuíráselles aos grupos da provincia polas actuacións autorizadas e realizadas ao longo do ano 2017 no ámbito territorial da provincia de Pontevedra.

Poderán solicitar a inclusión no Pontegal ata o 1 de febreiro as bandas de música, masas corais, grupos folclóricos, grupos de gaitas, bandas de gaitas, agrupacións de música tradicional, de música clásica ou de teatro, entre outros, co fin de contribuír a difundir e promover a música, o folclore, o teatro, a danza, o audiovisual e as demais manifestacións artísticas.

Pontegal é un programa a través do cal a Deputación de Pontevedra colabora cos concellos e asociacións sen ánimo de lucro da provincia na contratación de grupos, compañías e artistas inscritos no programa. No ano pasado contou con 1.346 grupos, compañías e artistas inscritos e se apoiaron 2.595 actuacións organizadas dende concellos e asociacións. Espérase que o número se incremente xa que este ano a aposta polo programa é meirande, cunha partida que ascende dos 700.000€ da edición do ano pasado aos 800.000€ cos que contará Pontegal 2017.

As entidades solicitantes, como organizadoras dos actos, poranse en contacto coas agrupacións acollidas ao Pontegal para concretar a data e as condicións da actuación e facilitarlles un escenario ou marco adecuado para a realización do concerto ou a escenificación da obra, sen que se lles presente ningún impedimento.

Os adxudicatarios de cada actuación están obrigados a facer mención, na propaganda e na publicidade oral e escrita que confeccionen, do patrocinio do acto por parte da Deputación de Pontevedra, obriga que, de non se cumprir, deixaría sen efectos a concesión realizada.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES
TODO TIPO DE XESTIÓN COAS INSTITUCIÓN PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B - 36860 PONTEAREAS - T. 986 66 00 00 - F. 986 66 01 03

O reporteiro Adrián Irago gaña o concurso Imaxes con Fondo III organizado polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

O fotoxornalista Adrián Irago recibiu hoxe o Primeiro Premio do certame Imaxes con Fondo III pola instantánea 'Arribando en Lesbos' que amosa a chegada dun grupo de refuxiados ás costas gregas, convidando a reflexionar sobre o que a diario acontece no Mediterráneo e a corresponsabilidade de Europa na busca dunha solución. Os lucenses Evaristo Pardeiro e María Luz Arias fixéronse co segundo e terceiro posto retratando a cultura hindú e un campo de refuxiados, respectivamente. A entrega celebrouse na sede da Federación Galega de Municipios e Provincias.

Adrián Irago recibiu de mans do presidente do Fondo Galego e alcalde de Nigrán, Juan González, o galardón que se materializará nunha viaxe a Mozambique para realizar un traballo fotográfico sobre a realidade do país lusófono e os proxectos alí apoiados pola entidade organizadora.

Daniel Fernández, concelleiro en Cartelle e membro da Comisión Executiva do Fondo Galego, entregoulle a cesta de produtos do Segundo Premio a Evaristo Pardeiro, natural de Mondoñedo e afincado en Lugo, por 'Outra cultura, o mesmo ollar', que pon en valor as tradicións da India e cuestiona o ritmo de vida occidental.

O Terceiro Premio do certame Imaxes con Fondo III devólvenos á fuxida desde Siria con 'Vivindo nun limbo', fotografía que nos fai mirar a través da reixa dun campo de refuxiados para conectarnos coa ollada do neno protagonista. Rocío Fraga, concelleira da Coruña e directiva do Fondo Ga-

lego, fíxolle entrega do galardón a María Luz Arias, dotado cun lote de películas de temática social.

Ata 84 obras e 35 participantes

Un total de 84 fotografías presentadas por 35 participantes concorreron ao concurso Imaxes con Fondo, que nesta terceira edición convidaba a reflexionar sobre a interculturalidade. O prazo de recepción de obras pechouse o 15 de novembro e, a continuación, abriuse un período para que as seguidoras e seguidores do Fondo Galego en Facebook puidesen votar as imaxes. As quince obras mellor valoradas foron logo avaliadas polo xurado, conformado por Daniel Fernández, vogal da Comisión Executiva do Fondo Galego polo Concello de Cartelle; Conchi Pernas, técnica do Concello de Burela; Natalia Monje, da ONGD Ecos do Sur, e o fotoxornalista Felipe Carrotto, gañador de Imaxes con Fondo II.



REFORZO ESCOLAR • IDIOMAS • TÉCNICAS DE ESTUDIO
 PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA • TALLERES INFANTÍS
 FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS
 CENTRO DE ESTUDOS

MATRÍCULA GRATUITA

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH